

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 13 de decembro de 2024
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día trece de decembro do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artíme, Luisa María Sánchez Méndez, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Belén Cachafeiro Anta, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto *Carlos Cuadrado Romay*, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, *Antonio Graña Gómez*.

Non asiste o deputado *Roberto José Álvarez Carrero*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez* e *María Isabel Couso Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.34465.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 5 de decembro de 2024.

2.34466.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE BAIONA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 2203 BAREDO – EP BAIONA – LOUREZA DENDE O P.Q. 1+660 AO P.Q. 2+550. CONCELLO DE BAIONA”. (Expte.2024068609)

1. Proxecto.

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.



O servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial EP 2203 Baredo – EP Baiona – Loureza.

Nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na EP 2203 Baredo – EP Baiona – Loureza dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona”, no termo municipal de Baiona

As obras que comprende o proxecto están encamiñadas ó acondicionamento da estrada EP-2203, ó longo dun total de 900 metros, co fin de mellorar a funcionalidade da vía e a súa seguridade tanto para o tráfico rodado como peonil.

A solución que se proxecta ten como obxectivo incrementar o espazo dispoñible para o peón dentro da estrada coa creación dunha senda na marxe esquerda que permita un itinerario continuo, seguro e accesible, ademais de crear unha zona de convivencia cando o ancho da infraestrutura non permite o cumprimento das condicións de accesibilidade.

O orzamento total previsto das obra é o seguinte:

Presuposto base de licitación	812.912,17 €
IVE %	170.711,56 €
Presuposto base de licitación con IVE	983.623,73 €

2.- Aprobación municipal.

Consta no expediente Decreto de aprobación do Convenio polo Concello (CSV: 65646D2ELA2GE3AJTN7CJ3TZN).

3.- Informes de supervisión e autorizacións sectoriais.

Constan no expediente:

- Proxecto asinado data 04/11/2024 CSV: WSI3NZWIHGL6OB1C.
- Borrador do Convenio data 06/11/2024 CSV:A68SX0ACMFJS8OSQ.
- Informe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais xustificativo das porcentaxes de financiamento das obras data 19/11/2024 co CSV: 021JKTAZKP0UDOQA.
- Informe favorable de supervisión do proxecto data 19/11/2024 CSV: 0YID8LGL4UMY2A8A.
- Informe de urxencia da expropiación data 19/11/2024 CSV: 0Y2O0JZVPVVN6DTF.
- Informe favorable de Secretaría Xeral data 27/11/2024 CSV: 2ZY7WQOCAEQD10AV.
- Informe favorable de Intervención data 09/12/2024 CSV: YQZXylGUKK7KJF3F



Consideracións.

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación entre administracións como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscripción de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.



- e) Consecuencias aplicables en caso de incumplimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Baiona mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	786.898,98 €	80
Concello de Baiona	196.724,75 €	20
Total obras	983.623,73 €	100

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Baiona:

Organismo	Achega	%
Concello de Baiona	53.554,84 €	100
Total expropiacións	53.554,84 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 24/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2024.

A achega do Concello de Baiona será de 250.279,59 € (20% do importe das obras máis o importe resultante das expropiacións), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello. Por dita achega do Concello, que supón un ingreso de dereito público, xerarase crédito na correspondente aplicación orzamentaria.

De selo caso de que se financie a cargo da subvención do Plan Máis Provincia, xerarase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Baiona.

Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.



De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LBRLL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta. 5 da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio suscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Polo que respecta ao procedemento e sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, atendese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:

1. A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nunha vía provincial e tamén se poñen servizos municipais no ámbito da actuación.



2. O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da LRJSP.
3. O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación. Logo do informe da Intervención Xeral.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Baiona para a execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil na EP 2203 Baredo – EP Baiona – Loureza dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona*” cuxo teor literal se contén no documento referenciado co Código Seguro de verificación (CSV: A68SX0ACMFJS8OSQ).

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

3.34467.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA O ANO 2025 DO PROGRAMA “*CULTUREA*” DE APOIO Á PROMOCIÓN CULTURAL DE AGRUPACIÓNS OU ASOCIACIÓNS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. (Expte.2024072510)

Primeiro.- A Deputación de Pontevedra conta, desde os anos 80, cunha liña de apoio á promoción cultural provincial de agrupacións ou asociacións sen fins de lucro legalmente constituídas e inscritas no rexistro administrativo correspondente, así como as entidades locais menores da provincia de Pontevedra, para a realización de actividades nas distintas manifestacións artísticas, coma as artes escénicas, a música, as artes visuais ou a difusión do patrimonio cultural.

Segundo.- A través desta iniciativa a Deputación autorizou no 2024 máis de 3.500 actuacións fomentando o acceso deslocalizado á actuacións no ámbito das artes escénicas, a música, as artes visuais ou a difusión do patrimonio cultural, o que repercute na economía local así como asociar a imaxe da Deputación a este tipo de actividades en escenarios situados na nosa provincia.



Terceiro.- Coa presente convocatoria, a Deputación de Pontevedra quere reforzar o seu compromiso cos grupos, artistas e compañías inscritos no Catálogo Cultural a través da actualización da retribución das actuacións de charangas e rondallas, estas últimas diferenciando os importes segundo o número de compoñentes, e do aumento para todos os grupos e artistas das actuacións máximas autorizadas con cargo ao programa. Do mesmo xeito, co obxectivo de adecuar o programa ao alcance do novo catálogo “+ESCÉNICAS” procédese a reorganizar as categorías de Teatro en dous grupos diferenciados, amador e profesional.

Cuarto.- Vistos os informes favorables xurídico e de Intervención de 10 de decembro de 2024.

Fundamentos xurídicos e técnicos:

Primeiro.- Lexislación aplicable

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 118 d) e 109.1.d)
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, art. 69
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

Segundo.- No ámbito competencial, o apartado primeiro do artigo 44 da Constitución dispón que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. Este mandato constitucional vincula a todos os poderes constituídos dentro do marco das súas respectivas competencias.

Nesta liña, a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, no seu artigo 69 determina que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no seu artigo 118 d), establece como competencias propias das deputacións provinciais a organización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.



Adicionalmente, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 36.1 d) determina a competencia provincial na cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, o artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determina como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Ademais, a Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu artigo 25 establece que o Goberno Galego e as Corporacións Locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.

Terceiro.- A competencia para a aprobación destas bases corresponde á Xunta de Goberno, segundo o previsto nas bases de execución do orzamento provincial.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar as bases reguladoras e convocatoria para o ano 2025 do programa “Culturea” de apoio á promoción cultural de agrupacións ou asociacións da provincia de Pontevedra e que figuran co CSV: 28KYTTI0VH0I85DF.

4.34468.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “+ BENESTAR” PARA O ANO 2025 (Expte. 2024066968)

1º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos o fomento das políticas de inclusión e benestar social a través da convocatoria de programas que melloren a calidade de vida das persoas e promovan a participación e cohesión social da poboación da provincia.

Esta institución leva a cabo a organización de actividades dirixidas a persoas maiores de 55 anos, xubiladas e pensionistas, coa finalidade de favorecer o envellecemento activo das persoas maiores, fomentar a participación e a cooperación social, promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias que permitan fomentar a súa independencia e evitar así o illamento e as situacións de soidade non desexada.

A corporación provincial, no exercicio das súas competencias, promove o programa termal + Benestar cun claro obxectivo social, xa que lles facilita o acceso ao turismo de saúde a persoas que doutro modo non poderían beneficiarse da súa dobre función, como período de vacacións e como tratamento sanitario, que ademais contribúe á sostibilidade económica da provincia.

O programa ten un gran arraigo dentro das actuacións termais que a Deputación de Pontevedra ven desenvolvendo na área de persoas maiores (anteriormente SAÚDE E BENESTAR e DEPOTERMAL), a través dos cales se recibían unha media de preto de 4.000 solicitudes cada ano, así como o forte arraigo na provincia ao desenvolverse deste hai máis de 15 anos, o que constitúe unha proba do interese público deste tipo de actividades.



2º.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan lograr os obxectivos marcados nesta lei. No seu artigo 63, relativo ás competencias das deputacións provinciais, establécese que, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

No ámbito provincial, no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispónse que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Así mesmo, no artigo 109 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso, entre outras, fomentar e administrar os intereses peculiares da provincia.

3º.- O programa caracterízase por ofrecer unha estancia de seis días e cinco noites (entrada os domingos pola tarde e saída os venres despois de xantar) nun hotel con balneario, talaso, spa ou outras instalacións de características similares da provincia de Pontevedra, en réxime de pensión completa e con actividades de animación sociocultural.

As persoas solicitantes poderán elixir indistintamente no momento da solicitude calquera dos establecementos ofertados (anexo II), se ben a asignación de prazas estará suxeita a dispoñibilidade.

Ademais da estadia, o paquete comprende pensión completa (coas bebidas incluídas); utilización do spa, do balneario ou doutras instalacións de características similares, un mínimo de dúas horas ao día; e os traslados en autobús.

A Deputación ofertará o programa a través dunha empresa especializada na materia, responsable de executalo, coordinalo e avalialo, e que contará con persoal cualificado.

Consideraranse entidades colaboradoras todos aqueles concellos que se recollen no anexo I. Estas entidades colaboradoras realizarán a asistencia e a xestión das solicitudes das persoas interesadas dentro do seu ámbito territorial, e poderán beneficiarse de prazas subvencionadas do réxime especial.

Poderán beneficiarse do programa termal as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- 1) Estar empadroadas na provincia de Pontevedra.
- 2) Ter 55 anos ou máis
- 3) No suposto de ter menos de 55 anos, para poder participar nesta convocatoria deberá producirse algunha das seguintes circunstancias:
 - Ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, o que se acreditará coa tarxeta ou co certificado de recoñecemento do grao de discapacidade.
 - Ter a condición de pensionista polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.
 - Ter acreditado, polos servizos sociais comunitarios básicos do seu concello, un respiro familiar.



- 4) Non padecer ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.
- 5) Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.
- 6) Ser unha persoa autónoma para realizar as actividades elementais da vida diaria.

4º.- A concesión destas prazas realizarase polo réxime de concorrencia competitiva.

O órgano instructor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Benestar Social , a adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno.

Excepcionalmente, por razóns de urxencia xustificada, poderá autorizarse por resolución da deputada delegada de área, que lle dará conta con posterioridade á Xunta de Goberno.

Ofértanse 2.127 prazas nos seguintes termos :

- 2.097 prazas de réxime xeral; a Deputación subvencionará 100€ do custo da praza (209.700,00 euros)
- 30 prazas de réxime especial; a Deputación subvencionará un máximo de 400€ do custo da praza (12.000,00 euros)

Poderán ser beneficiarias das prazas de réxime especial, as persoas que cumpran os requisitos establecidos e que carezan de recursos económicos suficientes para facerlle fronte ao seu custo.

Se non se cobren as prazas de réxime especial, o crédito retido para estas prazas pasará a incorporarse á concesión de prazas de réxime xeral.

A contía prevista para esta convocatoria é de douscentos vinte e un mil setecentos euros (221.700,00 €) con cargo á aplicación 25/231.2311.227.07 do Orzamento provincial.

5º.- Con data 18/10/2024 Secretaría Xeral emite informe xurídico (CSV V1OU6BB2JQHWR9MU) e con data 29/11/2024 asina a conformidade coa proposta de bases (CSV OOBFIHLQJ0160DUS).

6º.-Con data 09/12/2024 o Servizo de Intervención informe favorablemente o expediente (CSV YNY72YQSR3EZVPHI) facendo constar *“A contía prevista para este proxecto acada os 221.700,00 euros e a aplicación proposta, 25/231.2311.227.07, considérase correcta para este fin, non obstante, dado que se trata dunha tramitación anticipada, a aprobación destas Bases quedará condicionada á aprobación definitiva do orzamento para 2025 e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo .”*

De acordo co exposto anteriormente, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a tramitación anticipada do gasto do programa “+ Benestar” 2025 por importe de 221.700,00 euros na aplicación 25/231.2311.227.07, condicionado a aprobación definitiva do orzamento para 2025 e a existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo.
- Aprobar as bases reguladoras do Programa “+ Benestar” para o ano 2025.

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente có (CSV): 74KDRJ305L5F8G5N e o Anexo I (Entidades colaboradoras) co (CSV): OY6WLPBGF23ONNQV.

Pódese verificar a integridade destes documentos no enderezo: <https://sede.depo.gal>



5.34469.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “PROVINCIA
ACTIVA” PARA O ANO 2025 (Expte. 2024068603)

1º.- De conformidade co establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local son competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Así mesmo o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia. Por outra banda, a Disposición adicional primeira da Lei 5/2014 de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, permite que as competencias atribuídas ás entidades locais con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, continuarán sendo exercidas por estas.

2º.- A Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, define no seu artigo 2 os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos marcados nesta lei. No artigo 63, relativo ás competencias das Deputacións provinciais, establécese que de conformidade có previsto na normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

3º.- Por outra banda, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, no seu Capítulo III, desenrola os principios reitores da actuación da Administración pública galega, en relación coas persoas maiores, entre os que se atopa “promover o seu benestar, a súa autonomía persoal e a súa participación na vida e nas actividades da sociedade.

Recóllese de xeito expreso que a Administración potenciará as políticas públicas que eviten o illamento das persoas maiores, favorecendo a socialización, as actividades interxeneracionais e os servizos públicos que permitan o intercambio de experiencias

En particular, no seu artigo 22, dispón que As Administracións Públicas fomentarán a participación das persoas maiores en actividades formativas específicas para un envellecemento activo e o coñecemento dos problemas asociados coa idade e das técnicas básicas para facerlles fronte.

4º.- Finalmente, a Disposición adicional primeira da Lei 5/2014 de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, permite que as competencias atribuídas ás entidades locais con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, continuarán sendo exercidas por éstas, e neste sentido, o programa ten un grande arraigo na provincia de Pontevedra, desde os seus inicios fai máis de 10 anos, nos anos oitenta participando case 200 asociacións e entidades en cada convocatoria, e permite a participación das persoas beneficiarias a través de distintos obradoiros, que teñen como finalidade favorecer a participación e a cooperación social, promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias que permitan fomentar a súa independencia e a socialización, así como facilitar o acceso á formación non regrada ás entidades sen ánimo de lucro de persoas maiores, xubilados e pensionistas da provincia de Pontevedra.



Neste contexto, a Deputación de Pontevedra, pon en funcionamento o programa “PROVINCIA ACTIVA 2025”, no marco do benestar social e das actividades de lecer e de tempo libre dirixido a entidades de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia de Pontevedra.

Este programa, ten un grande arraigo na provincia, desenvolvéndose desde fai mais de 12 anos, participando case 200 asociacións e entidades en cada convocatoria, e permite a participación das persoas beneficiarias a través de distintos obradoiros, coas temáticas que se detallan no catálogo, e que teñen como finalidade favorecer a participación e a cooperación social, promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias que permitan fomentar a súa independencia e a socialización, así como facilitar o acceso á formación non regrada ás entidades sen ánimo de lucro de persoas maiores, xubilados e pensionistas da provincia de Pontevedra.

5º.- “PROVINCIA ACTIVA 2025” contempla a celebración de obradoiros nas seguintes áreas temáticas:

- Benestar Natural
- Saúde en Movemento
- Emociónate
- Outra Vida
- Con Ritmo!
- Redeir@s

6º.- Poderán participar no programa entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS) como entidades de iniciativa social dentro da área de maiores da provincia de Pontevedra
- Entidades que figuren no Rexistro xeral de asociacións, recollidas dentro da provincia de Pontevedra e clasificadas nas seguintes categorías tipo: terceira idade, pensionistas e xubilados
- Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas non recollidas nas anteriores
- Outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores

7º.- Ofértanse un total de 130 obradoiros. En cada un deles poderán participar entre 15 e 25 persoas como máximo (o número máximo de participantes por curso especificase no catálogo).

Este programa está dirixido principalmente a persoas maiores de 50 anos de idade, polo que, para a súa realización, a entidade solicitante deberá acreditar antes do inicio de cada obradoiro que o 70% do alumnado ten 50 anos ou máis no momento da inscrición. No caso contrario, o obradoiro non poderá realizarse.

Só se poderá solicitar un obradoiro por entidade. Así mesmo, os obradoiros terán unha duración de 30 horas e impartiranse en xornadas de entre unha e tres horas á semana. A entidade solicitante poderá escoller que teñan lugar un ou varios días á semana ata completar o número de horas.

Cada Obradoiro terá un custo de sete (7,00) euros por participante, cantidade que deberá ser aboada de conformidade co establecido nas bases reguladoras do programa.



8º.- Establécese unha contía consignada para este plan no ano 2025, de cento corenta e cinco mil novecentos dezaseis con vinte euros (145.916,20 €) na aplicación 25/231.2311.227.07.

De xeito paralelo estase a tramitar a prórroga da prestación deste Servizo coa empresa adxudicataria do programa polo importe indicado, que supón un custo de 1.122,43 € por obradoiro, IVE engadido (Expediente 2021050862).

9º. Con data 5 de decembro de 2024, Intervención emite informe favorable (CSV: G6PG0Z04YHPJ3X0G) sobre a tramitación do expediente para a aprobación das bases, deixando constancia de que as aplicacións orzamentarias propostas nas bases 25/231.2311.227.07, considéranse correctas, non obstante, a aprobación das mesmas debe quedar condicionada á aprobación definitiva do orzamento para 2025 por tratarse dunha tramitación anticipada.

10º.- O órgano competente para aprobación das bases reguladoras do programa “PROVINCIA ACTIVA 2025”, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do vixente orzamento.

De acordo co exposto anteriormente, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a tramitación anticipada do gasto do programa “Provincia Activa” por importe de cento corenta e cinco mil novecentos dezaseis con vinte euros (145.916,20 €) na aplicación 25/231.2311.227.07 condicionado a aprobación definitiva do orzamento para 2025 e a existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo.
- Aprobar as bases reguladoras e o catálogo de obradoiros do Programa “Provincia Activa” para o ano 2025.

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente có (CSV): 22ICKSZ324D629SS

O Catálogo de obradoiros figura asinado dixitalmente có (CSV): FSY8AJ30CRZ4KEFD

Pódese verificar a integridade deste documento no enderezo: <https://sede.depo.gal>

6.34470.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025 (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2025). (Expte. 2024079739)

Resultando que a importancia do tecido asociativo, como instrumento de integración na sociedade e de participación nos asuntos públicos é un feito recoñecido tanto constitucional como legalmente; así, resulta patente que as asociacións desempeñan un papel fundamental nos diversos ámbitos da actividade social, contribuíndo a un exercicio activo da cidadanía e á consolidación dunha democracia avanzada, representando os intereses dos cidadáns ante os poderes públicos e desenvolvendo unha función esencial e imprescindible, entre outras, nas políticas de desenvolvemento, medio ambiente, promoción dos dereitos humanos, xuventude, saúde pública, cultura, creación de emprego e outras de similar natureza, para o cal as leis contemplan o outorgamento de axudas e subvencións por parte das diferentes administracións públicas conforme ao marco legal e regulamentario de carácter xeral que as prevé, e ao específico que se estableza.



Resultando que en base ao anterior propónse unha liña de subvencións, mediante a cal a Deputación de Pontevedra se compromete a axudar, no cumprimento dos seus fins, ás asociacións de veciños e de mulleres rurais da provincia.

Considerando que, á vista desta necesidade, se confeccionan as Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (plan provincia comunitaria 2025), como medida de fomento para apoiar ás asociacións de veciños e de mulleres rurais da provincia no marco das competencias que ten atribuídas a Deputación por lei (arts. 25 e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; artigos 232 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais; a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local que reforza o papel das deputacións como garantes da adecuada prestación dos servizos públicos; a Lei de Administración local de Galicia (5/1997, de 22 de xullo) habilita nos seus artigos 255 e 256 ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, e o artigo 72 da lei de bases (LRBRL) establece que as corporacións locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilitánlles o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades).

Considerando que a finalidade das axudas é a de mellorar a calidade de vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal e a cohesión social, mediante a promoción de investimentos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Considerando que estas bases e a súa convocatoria rexerán o procedemento aplicable para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para sufragar os gastos derivados de investimentos realizados polas asociacións da provincia de Pontevedra que reúnan os requisitos para ser entidades beneficiarias.

Considerando que as bases, ademais de recoller os criterios de distribución do crédito dispoñible conforme un procedemento de concorrencia competitiva, dotan de seguridade xurídica ó procedemento de concesión e xustificación de subvencións públicas para acadar, así mesmo, a obxectividade que deber presidir a actuación da Deputación Provincial de Pontevedra.

Considerando que o financiamento realízase con fondos propios da Deputación do orzamento do ano 2025, onde se recolle a consignación económica para esta actuación, de conformidade co establecido no artigo 56 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención.

Considerando que, de acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento e cumprindo co establecido no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno da Deputación.



Por conseguinte, vista toda a documentación relativa ó citado programa de subvencións, que obra no expediente número 2025079739; vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación (CSV: 9F0L9IPWIKQ3HQ29), da Secretaría Xeral (CSV: 49SOZ851WCSGETDA) e da Intervención Provincial (CSV: N8UKTEP0I5RIH1OY), de acordo co anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a memoria explicativa dos obxectivos, custos de realización e fontes de financiamento do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Plan provincia comunitaria 2025), co tenor literal que se contén no documento con CSV: 570QSQEUGI468VPG.
2. Aprobar as bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Plan provincia comunitaria 2025), financiada pola Deputación de Pontevedra e aprobar o gasto por importe de un millón cento cincuenta mil euros (1.150.000,00 €), imputables contra a aplicación orzamentaria 2025/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais, condicionado á aprobación definitiva do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2025 e á existencia de crédito suficiente e adecuado no mesmo.

As ditas bases e convocatoria apróbanse co tenor literal que se contén no documento con CSV: YS9P1H50PSEXPRS3.

3. Ordear a súa publicación destas bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

7.34471.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA 2025). (Expte.2024079743)

Resultando que a auga é un recurso básico para garantir a vida de todos os seres vivos do planeta, un dereito de toda a cidadanía, un ben público e é patrimonio social, ambiental e económico directamente relacionado co benestar da poboación. Constátase a necesidade de garantir o abastecemento de calidade para consumo humano naquelas zonas que, por mor da seca, por carecer de sistemas axeitados e/ou pola deterioración das redes, se atopen en situacións de emerxencia, carestía ou ineficiencia na prestación do servizo; e polo tanto proponse unha liña de subvencións, mediante a cal a Deputación de Pontevedra se compromete a axudar, no cumprimento dos seus fins, ás comunidades de usuarios de augas da provincia.



Considerando que, á vista desta necesidade, se confeccionan as Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (+AQUA_2025), como medida de fomento para apoiar ás comunidades de usuarios de augas da provincia no marco das competencias que ten atribuídas a Deputación por lei (arts. 26 e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; artigos 80 e ss. da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; artigo 5 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia; a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local que reforza o papel das deputacións como garantes da adecuada prestación dos servizos públicos; a Lei de Administración local de Galicia (5/1997, de 22 de xullo) habilita nos seus artigos 255 e 256 ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, e o artigo 72 da lei de bases (LRBRL) establece que as corporacións locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilitánlles o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades).

Considerando que a finalidade das axudas é a de contribuír a mellorar a calidade de vida local e satisfacer as necesidades básicas da poboación a través do financiamento de actuacións que contribúan á mellora na prestación do servizo de abastecemento de auga para consumo humano e o seu control sanitario para contribuír á mellora do nivel de garantía deses sistemas en canto á calidade da auga.

Considerando que estas bases e a súa convocatoria rexerán o procedemento aplicable para a concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para sufragar os gastos destinados a mellorar, en termos cualitativos e cuantitativos, a calidade da auga e o estado das instalacións de captación, potabilización, abastecemento e almacenamento de augas de consumo das comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra.

Considerando que as bases, ademais de recoller os criterios de distribución do crédito dispoñible conforme un procedemento de concorrencia competitiva, dotan de seguridade xurídica ó procedemento de concesión e xustificación de subvencións públicas para acadar, así mesmo, a obxectividade que deber presidir a actuación da Deputación Provincial de Pontevedra.

Considerando que o financiamento realízase con fondos propios da Deputación do orzamento do ano 2025, onde se recolle a consignación económica para esta actuación, de conformidade co establecido no artigo 56 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Considerando que, de acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento e cumprindo co establecido no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno da Deputación.

Por conseguinte, vista toda a documentación relativa ó citado programa de subvencións, que obra no expediente número 2024079743; vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación (CSV: 46C9HFI1ALRUD7S6), da Secretaría Xeral (CSV: XWOA36U0QO0VUFYI) e da Intervención Provincial (CSV: RGUHIIIFS4VXC1J49), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a memoria explicativa dos obxectivos, custos de realización e fontes de financiamento do programa +AQUA_2025, co tenor literal que se contén no documento con CSV: 5RXBI4YTHOQKQLNZ.



2. Aprobar as bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (+AQUA_2025), e aprobar o gasto por importe de un millón cento cincuenta mil euros (1.150.000,00 €), imputables contra a aplicación orzamentaria 2025/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais, condicionado á aprobación definitiva do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2025 e á existencia de crédito suficiente e adecuado no mesmo.
As ditas bases e convocatoria apróbanse co tenor literal que se contén no documento con CSVA9CQTTND89FS0JLG.
3. Ordear a súa publicación destas bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

8.34472.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES DO PROGRAMA DE AXUDAS PARA LEGALIZACIÓN DAS TRAÍDAS DE AUGAS VECIÑAIS (PROGRAMA +NOVAQUA 2025). (EXPIE. 2024079745)

Resultando que a auga é un recurso esencial, e escaso, tanto para a cidadanía como para o desenvolvemento económico de calquera sector. Constátase a necesidade de garantir o abastecemento de calidade para consumo humano naquelas zonas que, por mor da seca, por carecer de sistemas axeitados e/ou pola deterioración das redes, se atopan en situacións de emerxencia, carestía ou ineficiencia na prestación do servizo; e polo tanto propónse unha liña de subvencións, mediante a cal a Deputación de Pontevedra se compromete a axudar, no cumprimento dos seus fins, ás comunidades de usuarios de augas da provincia.

Considerando que, á vista desta necesidade, se confeccionan as Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas para legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2025), como medida de fomento para apoiar ás comunidades de usuarios de augas da provincia no marco das competencias que ten atribuídas a Deputación por lei (arts. 26 e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; artigos 80 e ss. da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; artigo 5 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia; a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local que reforza o papel das deputacións como garantes da adecuada prestación dos servizos públicos; a Lei de Administración local de Galicia (5/1997, de 22 de xullo) habilita nos seus artigos 255 e 256 ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, e o artigo 72 da lei de bases (LRBRL) establece que as corporacións locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilitanlles o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades).



Considerando que a finalidade das axudas é a de contribuír a mellorar a calidade de vida local e satisfacer as necesidades básicas da poboación a través do financiamento de actuacións que contribúan á mellora na prestación do servizo de abastecemento de auga para consumo humano e o seu control sanitario para contribuír á mellora do nivel de garantía deses sistemas en canto á calidade da auga.

Considerando que estas bases e a súa convocatoria rexerán o procedemento aplicable para a concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para sufragar os gastos destinados a legalizar novas concesións de augas de consumo humano ou novación das existentes.

Considerando que as bases, ademais de recoller os criterios de distribución do crédito dispoñible conforme un procedemento de concorrencia competitiva, dotan de seguridade xurídica ó procedemento de concesión e xustificación de subvencións públicas para acadar, así mesmo, a obxectividade que deber presidir a actuación da Deputación Provincial de Pontevedra.

Considerando que o financiamento realízase con fondos propios da Deputación do orzamento do ano 2025, onde se recolle a consignación económica para esta actuación, quedando condicionado á aprobación definitiva e entrada en vigor do orzamento, de conformidade co establecido no artigo 56 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención.

Considerando que, de acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento e cumprindo co establecido no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno da Deputación.

Por conseguinte, vista toda a documentación relativa ó citado programa de subvencións, que obra no expediente número 2024079745; vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación (CSV: BC1HKQANKBXX0BTG), da Secretaría Xeral (CSV: 6JJRDLF2443Z0ELB) e da Intervención Provincial (CSV: LYI5M2WQOC6BQDVR), de acordo co anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar a memoria explicativa dos obxectivos, custos de realización e fontes de financiamento do programa +NOVAQUA_2025, co tenor literal que se contén no documento con CSV: 4LA0NJRWGY81PNUU.

2º.- Aprobar as bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas para legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2025), e aprobar o gasto por importe de cen mil (100.000,00 €) euros, imputable á aplicación orzamentaria 2025/942.4590.489.07 para gastos correntes para o ano 2025, condicionado á aprobación definitiva do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2025 e á existencia de crédito suficiente e adecuado no mesmo.

As ditas bases e convocatoria apróbanse co tenor literal que se contén no documento con CSV: 4BSL34H9EHZMR71R.



3º.- Ordear a súa publicación destas bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

9.34473.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR CAMBIO DE FINALIDADE AO CONCELLO DE A LAMA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RESTAURACIÓN E CONSERVACIÓN DA PONTE DE ANCEU”.
(Expte.2024080123)

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.
- En data 04/12/2024, mediante rexistros WEB2024076008, WEB2024075996, WEB2024076009 e WEB2024076011, o concello de A Lama desiste ás subvencións concedidas co obxecto do financiamento dos investimentos: “Creación de parque infantil en O Peso” (Expdte 2024009096), “Revestimento de muros exteriores de campo de fútbol e cuberta de tella en zona da entrada” (Expdte 202208965), “Mellora da eficiencia enerxética do edificio de obradoiro” (Expdte 2024010586) e “Substitución de cuberta e renovación da instalación eléctrica da Casa Consistorial” (Expdte 2024018810).
- En data 09/12/2024 mediante resolucións presidenciais núm. 2024009339, núm. 2024009340, núm. 2024009341 acéptase a desistencia do Concello de A Lama ás subvencións concedidas co obxecto do financiamento dos investimentos: “Creación de parque infantil en O Peso” (Expdte 2024009096), “Revestimento de muros exteriores de campo de fútbol e cuberta de tella en zona da entrada” (Expdte 202208965), e “Substitución de cuberta e renovación da instalación eléctrica da Casa Consistorial” (Expdte 2024018810).
- Así mesmo, en data 10/12/2024, mediante resolución presidencial núm. 2024009354 acéptase a desistencia do Concello á subvención concedida co obxecto do financiamento da obra “Mellora da eficiencia enerxética do edificio de obradoiro” (Expdte 2024010586),
- Como consecuencias das accións anteriores, queda en dispoñible na aplicación orzamentaria 2024/942.9425.762.45 e no correspondente proxecto de gasto, crédito por importe de 145.187,07 euros.
- Por outra banda, o Concello ten un remanente ao seu favor, por importe de 1.229,86 euros, que se constata tras a modificación da resolución presidencial de concesión núm. 2024001967, de 8/03/2024, por cambio de proxecto con minoración da subvención concedida.
- Por último, ao mesmo tempo que o Concello de A Lama desiste ás subvencións concedidas co obxecto do financiamento dos investimentos arriba subliñados, achega a documentación da obra que se financiará co crédito ao seu favor. A obra a executar denomínase “Restauración e conservación da Ponte de Anceu” (Expdte 2024080123) e tivo entrada na sede electrónica da Deputación o día 04/12/2024 con núm. de rexistro WEB2024076317.



- En datas posteriores, o Concello emenda as deficiencias detectadas na documentación achegada.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Base 28ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recolle o procedemento de concesión de subvencións por cambio de finalidade.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 10/12/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 10/12/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 9/12/2024.

De acordo co anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Lama*, CIF: P3602500E, unha subvención por cambio de finalidade, por importe de 146.300,87 euros, ao abeiro do Plan +Provincia 2024, co obxecto do financiamento do investimento “*Restauración e conservación da Ponte de Anceñ*” (Expdte 2024080123), en base a un orzamento que ascende a 190.270,28 euros, debendo a entidade municipal achegar 43.969,41 €.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facerlle fronte ao gasto. Non obstante, a presente concesión fica condicionada á obtención da autorización definitiva e completa da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (Dirección Xeral de Patrimonio). A devandita autorización deberá ser achegada xunto coa primeira xustificación do gasto realizado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo acordo plenario de 29 de decembro de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme ao recollido na base reguladora 34ª do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado debe estar executado a 31 de decembro de 2025 e xustificado a 31 de marzo de 2026. O incumprimento desta obriga dará lugar ao inicio do procedemento de perda do dereito ao cobro da cantidade que corresponda.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de A Lama*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

10.34474.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTEAREAS CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO INCLUÍDO NO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, “FASE II PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN CAMPO DE FÚTBOL SAN MATEO”. (Expte. 2024080307)

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2024/942.3420.762.95.
- As subvencións outórganse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2023).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Pontearreas o importe que lle corresponde é de 220.716,72 €.



- En datas 04/12/2024 e 09/12/2024, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistros WEB2024076177 e WEB2024076671) dunha petición do Concello de Pontearreas, na que solicita, con cargo a parte da cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 197.247,33 €, con destino ao financiamento do investimento denominado “Proxecto básico e de execución campo de fútbol de San Mateo (Fase II), cun orzamento do mesmo importe.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 05/12/2024 (CSV: 6RKOL8SMDUM1MKMT).
- Así mesmo, o 10/12/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención (CSV: 42OQMKHMG91GLX2F) e a Intervención provincial emite informe favorable na mesma data (CSV: VBXJGG7N3QDBH098).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID)



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Pontearreas relativa ao financiamento do investimento denominado “Proxecto básico e de execución campo de fútbol de San Mateo (Fase II)” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do II PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 197.247,33 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Pontearreas*, CIF P3604200J, a cantidade de 197.247,33 € con destino ao financiamento do investimento “*Renovación do céspede artificial no campo de Fútbol Monte da Lomba*” ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento do mesmo importe.

A concesión da presente subvención queda condicionada a obtención da autorización sectorial do Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra cuxa solicitude consta no expediente, sendo imprescindible que achegue devandita documentación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 206, de 22/10/2024) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.3420.762.95 do vixente orzamento provincial.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Pontearreas*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



11.34475.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MARÍN CO
OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO INCLUÍDO NO II
PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS,
“INSTALACIÓN DE CLIMATIZACIÓN PARA O LOCAL SITUADO SOBRE
O RECINTO DO VASO DA PISCINA MUNICIPAL”. (Expte. 2024075811)

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2024/942.3420.762.95.
- As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2023).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Marín o importe que lle corresponde é de 227.280,71€.
A aprobación do repartimento queda condicionada á aprobación definitiva do expte. de modificación do orzamento 4/2004 (expte. de suplemento de créditos “SUP. 04/24”) (expte. 2024066943).
- En data 19/11/2024, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024071661) dunha petición do Concello de Marín, na que solicita, con cargo a parte da cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 64.795,50 €, con destino ao financiamento do investimento denominado “Instalación de Climatización para o local situado sobre o recinto do vaso da piscina”, cun orzamento do mesmo importe.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 03/12/2024 (CSV: GMXEZTJU967CY5OI).



- Así mesmo, o 04/12/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención (CSV: 7D4RK0I48DV66ZO8) e a Intervención provincial emite informe favorable en data 10/12/2024 (CSV: O7PR5760BYIPY5QX).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Marín relativa ao financiamento do investimento denominado “Instalación de Climatización para o local situado sobre o recinto do vaso da piscina” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do II PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 64.795,50 €.



O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Marín*, CIF P3602600C, a cantidade de 64.795,50 € con destino ao financiamento do investimento “*Instalación de Climatización para o local situado sobre o recinto do vaso da piscina*” ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento do mesmo importe.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 206, de 22/10/2024) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.3420.762.95 do vixente orzamento provincial.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Marín*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

12.34476.- ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (1ª MOBILIDADE) (Expte. 2023003512)

O 23 de novembro de 2022 publicouse no Diario Oficial da Unión Europea núm. C 444/16 a convocatoria de propostas 2023 (EAC/A10/2022) do Programa Erasmus+, ao abeiro do Regulamento (UE) Núm. 2021/817 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio do 2021, polo que se establece Erasmus+, o Programa da Unión para a educación e a formación, a xuventude e o deporte, e se derroga o Regulamento (UE) núm. 1288/2013.

O 21 de febreiro de 2023 a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto do consorcio de mobilidade (ID da solicitude: KA121-VET-DB33C956) dentro da Acción Clave 1 (KA1) “Mobilidade das persoas por motivo de aprendizaxe” que ten as seguintes características:



Obxectivo global: levar a cabo un programa de mobilidade de estudantes recentemente titulados de ciclos medios de Formación Profesional, Formación Profesional Básica e cursos que conduzan á obtención de Certificados de Profesionalidade dos niveis I, II e III pertencentes a distintas familias profesionais co fin de colaborar na súa integración no mundo laboral a través de prácticas laborais en empresas e institucións estranxeiras.

Número de participantes: 90 mobilidades de longa duración de estudantes de FP (*ErasmusPro*), 10 mobilidades de aprendizaxe por observación de docentes e persoal non docente que traballe en educación e formación profesional e 1 visita preparatoria.

Duración e prazo de desenvolvemento do proxecto: 15 meses (dende o 1 de xuño de 2023 ata o 31 de agosto de 2024). Con todo, ao cabo de 12 meses, todos os beneficiarios de proxectos acreditados terán a posibilidade de ampliar o seu proxecto ata unha duración total de 24 meses, tal e como recolle a Guía do Programa Erasmus.

Ámbito de actuación do proxecto: Alemaña, Bélxica, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Islandia, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Romanía ou calquera noutro país do programa Erasmus+.

O 21 de xullo de 2023 a dirección do *Servicio Español Para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE), emitiu a resolución definitiva pola que se resolveu publicar os listados de solicitudes seleccionadas, en lista de reserva e rexeitadas da Acción Clave 1 – Mobilidade educativa de persoas (KA121,KA122), correspondente á Convocatoria de Propostas do programa Erasmus+ 2023, concedendo á Deputación de Pontevedra unha axuda para a realización do proxecto presentado por importe de 1.182.155,00€.

Trátase dun proxecto plurianual (2023-2024) financiado con fondos do SEPIE e fondos propios e para a anualidade 2023 realizáronse as operacións de xeración de crédito polo importe da subvención concedida polo SEPIE para ese exercicio e por parte do financiamento propio realizáronse as correspondentes operacións de modificación de crédito, comprometéndose a Deputación de Pontevedra ao financiamento do importe da anualidade do proxecto.

Con data 24 de agosto de 2023 a Deputación asinou co SEPIE o convenio a través do cal se acepta a subvención concedida e se asume o compromiso de executar o proxecto nos termos e condicións establecidas.

O prazo establecido para levar a cabo este proxecto é de 15 meses, dende o 1 de xuño de 2023 ata ao 31 de agosto de 2024. Con todo, ao cabo de 12 meses solicitouse a ampliación da duración do proxecto a 24 meses facendo uso do dereito inherente a todos os beneficiarios. O 6 de xuño de 2024 o SEPIE notificou a aprobación desta solicitude, establecéndose a data de finalización do proxecto o 31 de maio de 2025.



De acordo co previsto na memoria do proxecto, en cada un dos centros de Formación Profesional constituíuse un comité de mobilidade, encargado da selección dos alumnos participantes, concreción do país de destino e data de inicio da prácticas. Á súa vez, a Deputación creou o seu comité de mobilidade para o asesoramento en materias xerais relativas ao proxecto, así como calquera outra necesidade e imprevisto relacionado coas prácticas.

Partindo das propostas dos centros de Formación Profesional e do comité de mobilidade da Deputación, os participantes distribuiranse en varias quendas de mobilidade:

- A primeira quenda, que comprende un total de 14 participantes, iniciou a mobilidade en marzo do 2024 con destino Portugal, Italia e Malta, Irlanda e República Checa.
- A segunda quenda comprende a 1 docente que iniciou a mobilidade en marzo con destino Portugal.
- A terceira quenda comprende un total de 17 alumnos e alumnas que iniciaron a mobilidade en abril do 2024 con destino Croacia, Irlanda, Italia, Malta e Portugal.
- A cuarta quenda, que comprende a 2 docentes, iniciou a súa mobilidade en maio do 2024 con destino Malta e Hungría.
- A quinta quenda comprende a 1 docente que iniciou a súa mobilidade en maio do 2024 con destino Polonia.
- A sexta quenda comprende a 1 docente e 3 estudantes que iniciaron a súa mobilidade en xuño 2024 con destino Italia e Portugal.
- A sétima quenda comprende a 8 participantes que iniciaron a súa mobilidade en xuño de 2024 con destino Croacia, Francia, Italia, Malta e Portugal.
- A oitava quenda comprende a 2 alumnos que iniciaron a mobilidade en xullo de 2024 con destino Italia.
- A novena quenda comprende a 46 alumnos e alumnas e 1 docente que iniciaron a mobilidade en setembro de 2024 con destino Francia, Holanda, Irlanda, Italia, Malta e Portugal.
- A décima quenda comprende a 8 alumnos e alumnas que iniciaron a mobilidade en setembro, outubro e novembro do 2024 con destino Noruega, Croacia, Malta e Portugal.
- A décimo primeira mobilidade comprende a 1 alumno que iniciou a mobilidade en outubro do 2024 con destino Italia.
- Esta décimo segunda mobilidade comprende a 22 alumnos e alumnas que iniciarán a mobilidade en xaneiro de 2025 con destino Malta, Portugal, Italia, Finlandia, República Checa e Croacia.
- Os seguintes grupos comprenderán un número indeterminado de alumnado (a concretar en próximas reunións do consorcio).

A duración das mobilidades dos recentemente titulados non poderá superar 365 días.



A data de inicio do período de mobilidade será o primeiro día no que o participante teña que estar presente na organización de acollida. A data de finalización será o último día no que o participante teña que estar na organización de acollida. Engádesse 1 día para a viaxe antes do primeiro día da actividade e 1 día para a viaxe de volta tras a finalización do período de mobilidade que se inclúe no cálculo da partida de Apoio Individual.

O importe da axuda vén determinado en función do número de días de estancia e do país de destino. A plataforma Beneficiary Module, creada pola Comisión Europea para a xestión dos proxectos Erasmus+, realiza o cálculo da contía correspondente de forma automática segundo as directrices do programa.

O apartado 1º da cláusula 4 (modalidades de pago) do convenio de subvención Erasmus+ Formación Profesional para estudos e/ou prácticas que se asina entre a institución beneficiaria da subvención (Deputación de Pontevedra) e os participantes establece que nos 30 días posteriores á sinatura do convenio por ambas partes e non mais tarde da data de inicio do período de mobilidade ou tras a recepción da confirmación da chegada, realizarase un pago de prefinanciación ao participante, equivalente ao 90% do importe especificado na cláusula 3. En base ao anterior, a Deputación comprométese a realizar o primeiro pago ao alumnado con anterioridade á data de inicio do período de mobilidade. Este criterio foi ratificado polo SEPIE na auditoría realizada ao proxecto Practicum Depo 2016 os días 21 e 22 de xaneiro de 2019 de cara á xestión de todos os proxectos Erasmus+ futuros.

Considerando o anterior debe advertirse que os pagos efectivos con saída de caudais da Deputación realizados con posterioridade á data de inicio das prácticas do alumnado ou do período de mobilidades de formación e visitas preparatorias dos docentes ou persoal serán considerados como custos non elixibles e, polo tanto, o SEPIE realizará unha corrección financeira do proxecto e reclamará a totalidade das contías que non cumpran os parámetros indicados por consideralas como custos non elixibles.

A axuda financeira farase efectiva previa aceptación por parte do interesado das cantidades asignadas en concepto de axuda individual e axuda de viaxe co compromiso de cumprir cos obxectivos do programa e destinalos aos fins que se determinan mediante a sinatura do convenio de subvención.

Con data 2 de decembro de 2024 emitiuse informe para a adxudicación das bolsas de mobilidade ao alumnado participante no proxecto Erasmus+ 2023 (12ª mobilidade) asinado polo Xefe do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local co visto e prace da Deputada Delegada.

Con data 3 de decembro de 2024 a Intervención emitiu informe de fiscalización favorable para a concesión das bolsas de mobilidade a favor do alumnado que participa neste proxecto Erasmus+ 2023 (12ª mobilidade) detalladas no anexo. A contía ascende a 132.277 € que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 24/240.2429.481.01.2023 do proxecto de gasto “2300005 - ERASMUS+ 2023” pertencente ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.



NORMATIVA APLICABLE

Estas axudas axustaranse ao previsto nas Bases reguladoras da concesión da subvención: Convocatoria de propostas 2023 do programa Erasmus+ (EAC/A10/2022), así como ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento desta Lei, e nas Bases número 16 e 24 e seguintes das de execución do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2024.

A concesión destas axudas corresponde á Xunta de Goberno en virtude das facultades que lle atribúe a base 16.2ª de execución do vixente orzamento.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. A concesión das bolsas de mobilidade a favor do alumnado que participa neste proxecto Erasmus+ 2023 (12ª mobilidade), nas cantidades detalladas no anexo en concepto de axuda por mobilidade (axuda individual + axuda de viaxe).

Para esta 12ª mobilidade con destino Malta, Portugal, Italia, Finlandia, Irlanda e República Checa e Croacia a contía ascende a 132.227,00 € que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 24/240.2429.481.01.2023 do proxecto de gasto “2300005 - ERASMUS+ 2023” pertencente ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.

2. Notificar este acordo ás partes interesadas.

A axuda financeira ou parte dela será reembolsada se o participante non cumpre coas súas obrigas. Se o participante rescinde o convenio de participación antes do seu prazo de finalización ou se incumpre o establecido no mesmo, deberá proceder á devolución da cantidade da axuda que se lle aboou.

En caso de rescisión do participante por causas de forza maior, isto é, debido a unha situación ou acontecemento imprevisible e excepcional alleo á vontade do participante e non atribuíble a erro ou negligencia pola súa parte, o participante terá dereito a percibir a contía da axuda correspondente á duración real do período de mobilidade, e calquera fondo restante deberá ser devolto.



Dito Anexo é como segue:

Expte.	Nome	NIF/NIE	Centro	Sector	Destino	Inicio mobilidade (incluída viaxe)	Fin mobilidade (incluída viaxe)	Total días	Axuda viaxe	Axuda individual	Total axuda
2024071934	ALEXIS BUEZAS TOURINO	***4136**	IES FRANCISCO ASOREY	CM Xestión Administrativa	MALTA	12/01/2025	31/05/2025	140	360,00 €	5.838,00 €	6.198,00 €
2024072095	ANDRÉS FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ	***3060**	IES FRANCISCO ASOREY	CM Xestión Administrativa	MALTA	12/01/2025	31/05/2025	140	360,00 €	5.838,00 €	6.198,00 €
2024072133	CLARA DOMINGUEZ SALINERO	***6867**	IES RIBEIRA DO LOURO	CM Xestión Administrativa	PORTUGAL	12/01/2025	31/05/2025	140	180,00 €	5.838,00 €	6.018,00 €
2024072148	EMMANUEL CABRERA AYALA	***3590**	IES MONTECELO	CM Impresión Gráfica	ITALIA	12/01/2025	31/05/2025	140	275,00 €	5.838,00 €	6.113,00 €
2024072141	GEMMA SINEIRO RADIO	***8169**	IES VILALONGA	CM Xestión Administrativa	ITALIA	12/01/2025	31/05/2025	140	275,00 €	5.838,00 €	6.113,00 €
2024072134	GLEICIELY RIBEIRO DA SILVA	***5272**	IES CHAPELA	CFGM Farmacia	PORTUGAL	12/01/2025	31/05/2025	140	180,00 €	5.838,00 €	6.018,00 €
2024072137	IRENE SOLIÑO PÉREZ	***0940**	IES CHAPELA	CFGM Farmacia	PORTUGAL	12/01/2025	31/05/2025	140	180,00 €	5.838,00 €	6.018,00 €
2024072150	JOEL PIÑEIRO RODRIGUEZ	***7771**	IES MONTECELO	CM Impresión Gráfica	ITALIA	12/01/2025	31/05/2025	140	275,00 €	5.838,00 €	6.113,00 €
2024072145	JOSÉ PICALLO PUALOS	***7948**	IES LUIS SEOANE	CM Xestión Administrativa	ITALIA	12/01/2025	31/05/2025	140	275,00 €	5.838,00 €	6.113,00 €
2024072138	MARÍA ISABEL DACOSTA OTERO	***8245**	IES CHAPELA	CFGM Farmacia	PORTUGAL	12/01/2025	31/05/2025	140	180,00 €	5.838,00 €	6.018,00 €
2024072139	NEREA CRESPO CAL	***2110**	IES CHAPELA	CFGM Farmacia	PORTUGAL	12/01/2025	31/05/2025	140	180,00 €	5.838,00 €	6.018,00 €
2024072146	VALERIA TOVAR PENAGOS	***7403**	IES LUIS SEOANE	CM Xestión Administrativa	PORTUGAL	12/01/2025	31/05/2025	140	180,00 €	5.838,00 €	6.018,00 €
2024072129	YOLANDA CAMPOS CALVO	***6839**	EFA CANCELA	CFGM Ciclo Auxiliar enfermería	PORTUGAL	12/01/2025	31/05/2025	140	23,00 €	5.838,00 €	5.861,00 €
2024072097	ELENA SANTOS PÉREZ	***4407**	COLEGIO VIGO	CM Actividades Comerciales	ITALIA	12/01/2025	31/05/2025	140	275,00 €	5.838,00 €	6.113,00 €
2024072102	SARAY BLANCO GUISANDE	***1699**	COLEGIO VIGO	CM Actividades Comerciales	ITALIA	12/01/2025	31/05/2025	140	275,00 €	5.838,00 €	6.113,00 €
2024072104	BORJA SANTOS PÉREZ	***6272**	COLEGIO VIGO	CM Electromecánica de vehículos	ITALIA	12/01/2025	31/05/2025	140	275,00 €	5.838,00 €	6.113,00 €
2024072152	ROI POSADA ALONSO	***5561**	IES PEDRO FLORIANI	CM Xestión Administrativa	REPÚBLICA CHECA	02/02/2025	31/05/2025	119	275,00 €	4.242,00 €	4.517,00 €
2024072130	DAVID SANTOMÉ FIGUEROA	***1212*	IES CHAN DO MONTE	CM Sistemas Microinformáticos e Redes	PORTUGAL	12/01/2025	31/05/2025	140	23,00 €	5.838,00 €	5.861,00 €
2024072132	MANUEL SEBASTIÁN IGLESIAS ISLA	***1497**	IES CHAN DO MONTE	CM Sistemas Microinformáticos e Redes	PORTUGAL	12/01/2025	31/05/2025	140	23,00 €	5.838,00 €	5.861,00 €
2024077704	PAULA PRESA PÉREZ	***7120**	IES TERRA DE TURONIO	CM Guía no medio natural e de tempo libre	CROACIA	12/01/2025	31/05/2025	140	360,00 €	4.956,00 €	5.316,00 €
2024078219	HÉKTOR MANUEL PÉREZ RUÍZ	***1023**	IES SALVATERRA DO MIÑO	CM Soldadura e caldeiraría	FINLANDIA	19/01/2025	31/05/2025	133	360,00 €	6.398,00 €	6.758,00 €
2024078220	KEVIN ALVITES MIGUEZ	***7423**	IES SALVATERRA DO MIÑO	CM Soldadura e caldeiraría	FINLANDIA	19/01/2025	31/05/2025	133	360,00 €	6.398,00 €	6.758,00 €



13.34477.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO ADOPTADO NA SESIÓN DO 24/10/2024 (ACORDO Nº11.34299), RELATIVO A RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS FORMULADAS POLA EMPRESA ADXUDICATARIA DA OBRA “AMPLIACIÓN DE OBRAS DE DRENAXE NA EP-8504 FORNO-CERNADAS NO P.Q. 0+530 E NO P.Q. 4+670, CONCELLO DE VALGA”, POR DEMORA E POR NON ATENDER AO REQUIRIMENTO PARA A CORRECCIÓN DE DEFICIENCIAS NA EXECUCIÓN DO CONTRATO E IMPOSICIÓN DE PENALIDADES. (Expte. 2022070641).

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 19 de maio de 2023, adxudicou á empresa MONCOSA OHS, S.A (CIF A15050958) o contrato “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*”, cun prezo de 268.973,62 € (222.292,25 €, máis a cantidade de 46.681,37 €, correspondente ao 21% IVE).

O contrato estableceu un prazo de execución de catro meses, a contar desde a data de formalización da acta de comprobación de replanteo, que se produciu o día 29 de xuño de 2023.

No en tanto, a Xunta de Goberno, a solicitude do contratista e en atención aos informes da dirección de obra, concede dúas ampliacións no prazo de execución, e acorda unha suspensión, fixando como data límite para a execución dos traballos o 8 de marzo de 2024.

Visto que, en atención ao informe da responsable do contrato, de data 23 de setembro de 2024, sobre o incumprimento do prazos e pola execución de unidades defectuosas (CSV: . WQIGYS5HRBR22CIQ), o órgano de contratación, mediante Resolución Presidencial número 2024007588, de data 27 de setembro de 2024, inicia o expediente de imposición de penalidades por demora, e por non atender ao requirimento da Administración para a corrección de deficiencias na execución deste contrato, concedéndolle audiencia.

Visto o escrito de alegacións presentado no trámite de audiencia pola empresa contratista (Rexistro entrada WEB2024063557, de 14/10/2024).

Visto que ditas alegacións foron desestimadas polo órgano de contratación, mediante acordo da Xunta de Goberno do día 24 de outubro de 2024, impondo a dita empresa penalidades de demora na contía de 5.601,76 €, e penalidades por non atender ao requirimento da Administración para a corrección de deficiencias, na contía de 976,46 € (sen IVE), previstas na cláusula 17.2 do prego administrativo pola comisión dunha falta leve.

Visto que, con data 25 de novembro de 2024, tivo entrada no Rexistro Xeral da Deputación (Rexistro entrada WEB2024073244) recurso de reposición interposto por MONCOSA OHS, S.A fronte á imposición das referidas penalidades.



Visto que, en relación a dito recurso, o responsable do contrato, con data 26 de novembro de 2024, emite informe (CSV: IFPLMZZ56PTI0J40), no que reitérase no incumprimento da empresa contratista, afirmando que o recurso interposto polo contratista non supón ningún elemento novo ás alegacións xa efectuadas durante os trámites anteriores do procedemento.

Asemade, con data 27 de novembro de 2024, o xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio emite informe, conformado polo Secretario Xeral, no que propón desestimar o recurso de reposición, xa que “(...) *se ratifica nos argumentos expostos no escrito presentado durante o trámite de audiencia, e, por outra, non se observa que achegue feitos, documentos ou alegacións novas que non houbera podido presentar no devandito trámite, ou que xustificuen apartarse do criterio seguido por esta Administración para impoñer ditas penalidades*”.

Tendo e conta que, segundo o artigo 123.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante, LPAC), os actos ditados no presente procedemento poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

O recurso foi interposto dentro do prazo legalmente establecido no artigo 124.1 LPAC.

Tendo e conta que a empresa MONCOSA OHS, S.A está lexitimada para a interposición do recurso, ao ostentar a condición de interesada no contrato na súa condición de empresa contratista.

Tendo e conta o artigo 119.1 LPAC, que establece que: “...a resolución do recurso estimará en todo ou en parte ou desestimarás as pretensións formuladas no mesmo ou declarará a inadmisión...”.

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución deste recurso é dun mes. Transcorrido dito prazo, de conformidade co artigo 24 LPAC, o efecto do silencio entenderase desestimatorio, sen prexuízo de que a resolución expresa posterior adoptárase pola Administración sen vinculación algunha ao sentido do silencio.

Visto que, en canto ao contido do recurso, no motivo “*Único.- Improcedencia da esixencia de penalidades por demora. Causa non imputable á contratista*”, a recorrente alega que gran parte dos inconvenientes da execución da obra debéronse ás condicións meteorolóxicas. Asemade, segundo a empresa, os traballos de execución do muro da marxe esquerda ata a entrada da leira non estaban no proxecto, e se esgotou o orzamento.

De conformidade co informe do responsable do contrato (CSV: IFPLMZZ56PTI0J40), que manifesta o seguinte:

“O recurso de reposición interposto polo contratista non supón ningún elemento novo ás alegacións xa formuladas durante os trámites anteriores do procedemento, polo que me remito ó xa informado en data 23/09/2024 (CSV: WQIGYS5HRBR22CIQ), así como no informe emitido con posterioridade á audiencia que se lle dera ó contratista, en data 18/10/2024 (CSV: 2RS7LWBE3LEEYF7V).”



Unicamente cabe engadir algunha aclaración ás causas de demora que esgrime o adxudicatario respecto á execución do contrato no recurso de reposición, as cales non son certas polos motivos seguintes:

- Os retrasos débéronse a que o contratista, a pesar de concedérselle dúas ampliacións de prazo por causas climatolóxicas e unha suspensión do prazo, retrasou a finalización dos mesmos de maneira deliberada, sen atender as instrucións e requirimentos da DO, co obxectivo de que se lle validaran as unidades mal executadas e para intentar forzar a non realización de parte dos traballos pendentes. Desta maneira, o ritmo de execución de obra desde finais de xaneiro do 2024 foi anormalmente baixo, non executando ningún traballo desde finais de febreiro ata finais de marzo do 2024 e dende entón ata a finalización o 19/04/2024 pospoñendo tamén outros traballos que estaban sen executar como a instalación dos medios de contención.*

- A DO tal e como consta no expediente, non autorizou o asfaltado sobre unha zaborra non admisible e sen que rematase previamente o muro do P.Q. 0+530 M.E. ata a súa coronación, dito muro ven recollido en proxecto. O contratista fixo caso omiso a ambas instrucións e proceden co asfaltado.
Con anterioridade ó asfaltado tamén se lle indicaba que o muro precisaba aumentar a súa lonxitude en planta para poder facer adecuadamente a contención da estrada, aínda que unicamente se trataba dun aumento de medición dun muro de proxecto, o contratista non o realizou. Non obstante, a prolongación do muro en planta executouna a Deputación con posterioridade á 2ª recepción desfavorable, sen afectar por tanto ós traballos do adxudicatario.
O contratista, tal e como se mencionou anteriormente, procedeu ó asfaltado facendo caso omiso á obriga de rematar o muro ata coronación antes da entrada da finca, realizando outras unidades de obra en días posteriores e procedéndose a realizar unha 1ª recepción desfavorable por seguir existindo unidades defectuosas e traballos pendentes. Só despois da 1ª recepción desfavorable e a escasos días de que finalizase o prazo adicional de 2 meses que se lle conceden de maneira extraordinaria sen que computasen como demora, foi cando rematou o muro ata coronación, polo tanto esta demora extraordinaria non se lle computou na penalización.*

- A causa de retraso que fai referencia ó esgotamento do presuposto non se corresponde coa realidade, tal e como se lle informou ó adxudicatario tanto durante a execución da obra como á finalización da mesma, posto que os excesos das obras realmente executadas son inferiores ó 10% do prezo do contrato e están contempladas na certificación final.”*

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de obras cuxo valor estimado supere o importe de 200.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Desestimar o recurso de reposición interposto pola empresa MONCOSA OHS, S.A (CIF A15050958) contra o acordo da Xunta de Goberno núm. 11.34299, adoptado na súa sesión ordinaria do día 24 de outubro de 2024, de imposición de penalidades no contrato de “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670, Concello de Valga*”, polos motivos expostos no informe do responsable do contrato de data 26 de novembro de 2024 (CSV: IFPLMZZ56PTIOJ40).



14.34478.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE OFICINA PARA A DEPUTACIÓN.
(Expte. 2022043519)

Na sesión ordinaria do día 23 de decembro de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou os dous lotes do contrato de “*Subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra*” á empresa Redinor, S.L. (NIF: B-36.127.405) polos prezos unitarios e valores ofertados no citado acordo.

O contrato formalizouse en documentos administrativos de data 31 de xaneiro de 2023, sendo o prazo de duración dun ano desde a data de formalización do contrato, con posibilidade de tres prórrogas dun ano de duración cada unha.

A Xunta de Goberno aprobou, mediante acordo adoptado na súa sesión ordinaria de data 11 de decembro de 2023, a primeira prórroga do contrato de “*Subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra*” dende o 01 de febreiro do 2024 ata o 31 de xaneiro do 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Con data 22 de novembro de 2024, o xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de un ano, con efectos dende o 01 de febreiro do 2025 ata o 31 de xaneiro do 2026.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 11 de novembro de 2024 (data de comparecencia: 12/11/2024), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 29 de novembro do 2024, a Intervención emitiu informe sobre a previsión futura de retención de crédito (CSV: Z7HILT1Y2QLQR2VR) para atender as obrigas que se deriven da prórroga deste contrato.



De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 05 de decembro do 2024 (CSV: I8OB2SBNFPM54FRZ), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga do contrato de “Subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra” por un ano, desde o 01 de febreiro do 2025 ata o 31 de xaneiro do 2026.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de febreiro do 2025.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a.2 a).

De acordo co anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade

Aprobar a segunda prórroga do contrato para a “Subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra” subscrito coa empresa Redinor, S.L. (NIF: B36127405), durante o período que vai desde o 01 de febreiro de 2025 ata o 31 de xaneiro de 2026, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

LOTE 1:

	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ORZAMENTO (IVE INCLUIDO)
2025 (febreiro a decembro)	25/922.9200.220.00	30.224,19 €
2026 (xaneiro)	26/922.9200.220.00	2.747,65 €

LOTE 2:

	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ORZAMENTO (IVE INCLUIDO)
2025 (febreiro a decembro)	25/922.9200.220.00	21.812,36 €
2026 (xaneiro)	26/922.9200.220.00	1.982,94 €

O importe do gasto correspondente as anualidades 2025 e 2026 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.



15.34479.- SOLICITUDE Á DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO DO APOIO PARA A “REALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE XESTIÓN CATASTRAL DEFINIDOS NO CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL. ANUALIDADE 2025”. (Expte. 2024076082)

A Deputación Provincial de Pontevedra subscribiu coa Dirección Xeral do Catastro, o 14 de decembro de 2021, publicado no BOE nº 311 con data 28/12/2021, un convenio de colaboración en materia de xestión catastral en substitución do xa existente que databa do 13/06/2001, no que se modifican e amplían as materias obxecto de colaboración que son, entre outras, fundamentalmente as seguintes:

- As funcións de tramitación dos expedientes de alteracións de orde xurídica, relativos a bens inmobles urbanos e rústicos, en réxime de encomenda de xestión.
- As funcións de tramitación dos expedientes de alteracións de orde física e económica, relativos a bens inmobles urbanos e rústicos, en réxime de encomenda de xestión.
- Actuacións de colaboración, igualmente en réxime de encomenda de xestión, na actualización das descripcións catastrais dos inmobles orixinadas polos feitos, actos, negocios e demais circunstancias susceptibles de orixinar unha incorporación ou modificación no Catastro Inmobiliario, sempre que ditos inmobles estean integramente situados nos municipios incluídos no ámbito territorial do Convenio.

Este novo marco de colaboración en materia de xestión catastral, que se estende a inmobles rústicos e urbanos e aposta por un mantemento integral que permite ter o Catastro permanentemente actualizado sobre a base dunha xestión desenvolvida sobre un mapa parcelario de incidencias ou discrepancias pendentes entre a información catastral e a realidade inmobiliaria, suporá acometer novos traballos catastrais.

Desta forma, en cumprimento dos compromisos adquiridos cos concellos, esta Deputación incrementa de forma considerable a colaboración en materia de xestión catastral.

A Orde EHA/1616/2010, de 10 de xuño, pola que se regulan as condicións da encomenda á Sociedade Estatal de Xestión Inmobiliaria de Patrimonio, Sociedade Anónima de traballos catastrais obxecto de convenio por entidades colaboradoras, así como os termos, prazos e condicións de aboamento de gastos (<https://www.boe.es/boe/dias/2010/06/18/pdfs/BOE-A-2010-9686.pdf>) ten por obxecto a regulación dos requisitos e condicións para concretar, de acordo coa disposición adicional 5ª do Real Decreto 417/2006, de 7 de abril, os medios para a execución dos traballos de obtención de información para a formación e mantemento do Catastro no marco dos convenios de colaboración que prevegan a posibilidade de financiar os ditos traballos, así como os termos, prazos e condicións para o pago a SEGIPSA dos gastos que deben asumir as entidades colaboradoras con motivo da execución dos traballos, e aplícase ás entidades que subscribiran convenios de colaboración con arranxo ao artigo 62 do Real decreto 417/2006, de 7 de abril, polo que se desenvolve o texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado por Real decreto legislativo 1/2004 de 5 de marzo, nos que se prevega a posibilidade de financiar os traballos de obtención de información para a formación e mantemento do catastro que poidan ser obxecto de encargo a SEGIPSA.



O Convenio de colaboración suscrito pola Deputación de Pontevedra coa Dirección Xeral do Catastro, o 14 de decembro de 2021, dispón na súa cláusula sétima que “para el desarrollo de todos o alguno de los trabajos previstos en las cláusulas segunda, tercera, cuarta y quinta del presente Convenio, la Diputación podrá optar, alternativamente, por recabar el apoyo de la Dirección General del Catastro, asumiendo la Diputación su financiación directamente, o bien realizarlos por sus propios medios”

Para os exercicios 2022, 2023 e 2024, esta Deputación solicitoulle á Dirección Xeral do Catastro que encomende a SEGIPSA os traballos, nos termos da Orde EHA/1616/2010 (<https://www.boe.es/boe/dias/2010/06/18/pdfs/BOE-A-2010-9686.pdf>), téndose realizado ditos traballos cun alto grao de satisfacción tanto por parte da Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra como por parte desta Deputación de Pontevedra.

SEGIPSA ten o carácter de medio propio instrumental e de servizo técnico da Dirección Xeral do Catastro para a realización dos traballos de formación e mantemento do Catastro Inmobiliario.

É a Dirección Xeral do Catastro quen encomenda a SEGIPSA os traballos catastrais derivados dos convenios. En consecuencia, é ela quen fixa os procedementos, especificacións e criterios técnicos precisos para garantir a calidade e homoxeneidade dos traballos, elaborando para iso os correspondentes manuais operativos (artigo 3 da Orde EHA 1616/2010), e é ela quen recibe os traballos obxecto de encomenda.

SEGIPSA ten subscritos acordos marco coas mellores empresas do sector, acordos que lle permiten asignarlles traballos de maneira áxil e eficaz, reservándose sempre tarefas de dirección técnica, coordinación e control de calidade. Minimízanse así os riscos de incumprimento: se por calquera motivo unha das empresas fallase na execución, poderían reasignar os traballos de modo case automático, ou ben executalos cos seus propios medios.

Así, para o exercicio das funcións atribuídas no convenio, a Deputación pode solicitarlle á Dirección Xeral do Catastro que formule encargo á Sociedade Estatal de Xestión Inmobiliaria de Patrimonio, S.A (SEGIPSA).

Nestes casos os gastos que se orixinen serán sufragados pola Deputación nos termos, prazos e condicións que se establecen na Orde EHA/1616/2010, do 10 de xuño, pola que se regulan as condicións da encomenda á Sociedade Estatal de Xestión Inmobiliaria de Patrimonio, Sociedade Anónima de traballos catastrais obxecto de convenio con entidades colaboradoras, así como os termos, prazos e condicións do aboamento de gastos.

As tarifas de SEGIPSA para a realización de traballos en materia de xestión catastral aprobáronse por Resolución da Subsecretaría de Facenda e Función Pública do 18 de outubro de 2022, que se achega ao expediente, non estando estas suxeitas ao IVE.



Tendo en conta estas circunstancias e o feito de que as tarifas de SEGIPSA son competitivas, a xefatura do Servizo de Xestión Catastral e Tributaria do IBI propón, que se realicen por SEGIPSA os traballos de obtención de información para a formación e mantemento do Catastro Inmobiliario para a tramitación dos expedientes de alteracións de orde xurídica e físico-económica (de bens rústicos e urbanos), así como a colaboración en actuacións de investigación xurídica e física dos mesmos bens.

O Custo global máximo estimado que corresponderá soportar esta Deputación –ORAL no próximo exercicio, calculado sobre a base das tarifas aprobadas, ascende a un total 349.996,04 €, segundo a seguinte desagregación:

OBJECTO	TARIFA	CONCEPTO	PREZO EXP.	PREZO INM.	Nº EXP.	Nº INM.	TOTAL POR EXPED.	TOTAL POR INM.	TOTAL
Expedientes de alteracións de titularidade (R/U) resoltos (media 1,5 inmobles)	A1	901 CON CAMBIO	0,00 €	9,44 €	375	563	0,00 €	5.314,72 €	5.314,72 €
Alteracións xurídicas (R/U) resoltos sen alteración (media 1,5 inmobles)	A2	901 SIN CAMBIO	0,00 €	5,00 €	77	116	0,00 €	580,00 €	580,00 €
Emendas de Discrepancias (Inclúe primeiro inmoble)	A4	DICJ, COEJ, RECJ	18,87 €	9,44 €	38	10	717,06 €	94,40 €	811,46 €
Expedientes de alteracións alfanumérica diferentes de titularidade (R/U) resoltos sen desprazamento	B1	902-3-4,	0,00 €	9,44 €	150	150	0,00 €	1.416,00 €	1.416,00 €
Expedientes de alteracións físicas (R/U) resoltos sen desprazamento (media 1,1 inmobles)	B2	902-3-4	42,61 €	17,76 €	1.400	1.540	59.654,00 €	27.350,40 €	87.004,40 €
Expedientes de alteracións físicas (R/U) resoltos sen alteración e sen desprazamento)	B2-FIJO	902-3-4	42,61 €	0,00 €	250	0	10.652,50 €	0,00 €	10.652,50 €
Expedientes de emenda de discrepancias, correccións de erros ou elaboración de propostas de resolución de recursos de reposición de tipo físico (sen desprazamento) (media 1,1 inmobles)	B5	DICF, COEF, RECF	64,75 €	17,76 €	1.100	1.210	71.225,00 €	21.489,60 €	92.714,60 €
Expedientes de alteracións físicas (R/U) resoltos con desprazamento (Inclúe primeiro inmoble)	C1	902-3-4 C	71,00 €	22,56 €	1.600	350	113.600,00 €	7.896,00 €	121.496,00 €
Expedientes cuxo obxecto sexa a incorporación ao Catastro de construcións deportivas das modalidades 5.1.2 y 5.2.2	C2	902-3-4 C	25,00 €	0,00 €	305	0	7.625,00 €	0,00 €	7.625,00 €
Resolución básica de erros de cruce/solapes	D1	DICF	0,00 €	6,50 €	0	38	0,00 €	247,00 €	247,00 €
Resolución complexa de erros de cruce/solapes (Sen desprazamento)	D2	DICF	0,00 €	13,20 €	0	38	0,00 €	501,60 €	501,60 €
Obtención de cartografía continua, con obtención de titularidade (con desprazamento)	D3.1	DICF	0,00 €	36,80 €	0	37	0,00 €	1.361,60 €	1.361,60 €
Obtención de cartografía continua, sen obtención de titularidade (con desprazamento)	D3.2	DICF	0,00 €	18,54 €	0	38	0,00 €	704,52 €	704,52 €



Reposicionamiento gráfico mediante técnicas de fotogrametría sobre visión 3D obtida a partires de pares estereoscopios, con delimitación de parcelas e subparcelas de construción e entrega do correspondente formato de intercambio de cartografía (FICC). Capa de Parcelario	D8.1	DICF, COEF	0,00 €	1,05 €	0	75	0,00 €	78,75 €	78,75 €	
Reposicionamiento gráfico mediante técnicas de fotogrametría sobre visión 3D obtida a partires de pares estereoscopios, con delimitación de parcelas e subparcelas de construción e entrega do correspondente formato de intercambio de cartografía (FICC). Inclúe subparcelas construción	D8.2	DICF, COEF	0,00 €	3,77 €	0	75	0,00 €	282,75 €	282,75 €	
Depuración de ruiros. Aportando relación inmobles	D9.1	CNOT	0,00 €	1,05 €	0	38	0,00 €	39,90 €	39,90 €	
Depuración de ruiros. Sen aportar relación inmobles	D9.2	CNOT	0,00 €	1,50 €	0	38	0,00 €	57,00 €	57,00 €	
Rexistro e dixitalización (superior a DIN A4)	D10.1		8,88 €	0,00 €	56	0	499,50 €	0,00 €	499,50 €	
Rexistro e dixitalización (non superior a DIN A4)	D10.2		4,44 €	0,00 €	25	0	111,00 €	0,00 €	111,00 €	
Diagnóstico de expedientes catastrais: análise de documentación e necesidade de trámites intermedios	D11	902-3-4, DICF, RECF.	7,22 €	0,00 €	75	0	541,50 €	0,00 €	541,50 €	
Toma de fotografías de fachada (urbana)	D14.1		1,22 €	0,00 €	52	0	63,44 €	0,00 €	63,44 €	
Toma de fotografías de fachada (rústica, máis de 350)	D14.2		2,50 €	0,00 €	52	0	130,00 €	0,00 €	130,00 €	
Toma de fotografías de fachada (rústica, menos de 350)	D14.3		5,00 €	0,00 €	50	0	250,00 €	0,00 €	250,00 €	
Detección en gabinete de alteracións non declaradas e o seu correspondente reflexo no Mapa de Xestión	D15	PUMG	7,66 €	0,00 €	330	0	2.527,80 €	0,00 €	2.527,80 €	
Resolución presencial de solicitudes de acceso á información de expedientes catastrais	E1.1		29,97 €	0,00 €	500	0	14.985,00 €	0,00 €	14.985,00 €	
TOTALES								282.581,80 €	67.414,24 €	349.996,04 €

O gasto que comportaría o pagamento destes traballos pódese realizar con cargo á aplicación 25/932.9320.22707 (traballos catastrais). A tramitación anticipada do gasto supón que o mesmo quedará condicionado á aprobación do orzamento do exercicio 2025 e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

O prazo da realización dos traballos comprendería, estimando os tempos de tramitación do expediente, o período 01/01/2025 ata o 31/12/2025.

Para iso deberá realizarse unha solicitude á Dirección Xeral do Catastro para que encargue á Sociedade Mercantil Estatal de Xestión Inmobiliaria do Patrimonio, m.p.s.a. (SEGIPSA) a realización de traballos catastrais obxecto de convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra.



Estes traballos afectarán a bens situados nos Concellos da provincia de Pontevedra que, tendo delegadas as súas facultades de xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles a favor da Deputación Provincial, téñanse adherido igualmente o mencionado Convenio de colaboración de xestión catastral coa Dirección Xeral do Catastro. No anexo I do mesmo detállanse os municipios incluídos no ámbito do mesmo, que se actualizará segundo contempla a Cláusula Décimo quinta.

Constan no expediente os informes favorables de Secretaría e Intervención.

Corresponde á Xunta de Goberno a competencia para autorizar e comprometer gastos de carácter ordinario e os demais precisos para a contratación de obras, servizos, subministros, etc. cuxo valor estimado supere o importe de 200.000,00 euros nos contratos de obras, e 100.000,00 euros no resto de contratos segundo a base 16.2 das Bases de execución do orzamento da Deputación Provincial.

De acordo co anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

PRIMEIRO: Solicitar á Dirección Xeral do Catastro que encargue á Sociedade Mercantil Estatal de Xestión Inmobiliaria do Patrimonio, M.P.S.A (SEGIPSA) a realización dos seguintes traballos catastrais obxecto do Convenio de colaboración en materia de xestión catastral entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Dirección Xeral do Catastro:

OBXECTO	TARIFA	CONCEPTO	PREZO EXP.	PREZO INM.	Nº EXP.	Nº INM.	TOTAL POR EXPED.	TOTAL POR INM.	TOTAL
Expedientes de alteracións de titularidade (R/U) resoltos (media 1,5 inmobles)	A1	901 CON CAMBIO	0,00 €	9,44 €	375	563	0,00 €	5.314,72 €	5.314,72 €
Alteracións xurídicas (R/U) resoltos sen alteración (media 1,5 inmobles)	A2	901 SIN CAMBIO	0,00 €	5,00 €	77	116	0,00 €	580,00 €	580,00 €
Emendas de Discrepancias (Inclúe primeiro inmoble)	A4	DICJ, COEJ, RECJ	18,87 €	9,44 €	38	10	717,06 €	94,40 €	811,46 €
Expedientes de alteracións alfanumérica diferentes de titularidade (R/U) resoltos sen desprazamento	B1	902-3-4,	0,00 €	9,44 €	150	150	0,00 €	1.416,00 €	1.416,00 €
Expedientes de alteracións físicas (R/U) resoltos sen desprazamento (media 1,1 inmobles)	B2	902-3-4	42,61 €	17,76 €	1.400	1.540	59.654,00 €	27.350,40 €	87.004,40 €
Expedientes de alteracións físicas (R/U) resoltos sen alteración e sen desprazamento)	B2-FIJO	902-3-4	42,61 €	0,00 €	250	0	10.652,50 €	0,00 €	10.652,50 €
Expedientes de emenda de discrepancias, correccións de erros ou elaboración de propostas de resolución de recursos de reposición de tipo físico (sen desprazamento) (media 1,1 inmobles)	B5	DICF, COEF, RECF	64,75 €	17,76 €	1.100	1.210	71.225,00 €	21.489,60 €	92.714,60 €
Expedientes de alteracións físicas (R/U) resoltos con desprazamento (Inclúe primeiro inmoble)	C1	902-3-4 C	71,00 €	22,56 €	1.600	350	113.600,00 €	7.896,00 €	121.496,00 €
Expedientes cuxo obxecto sexa a incorporación ao Catastro de construcións deportivas das modalidades 5.1.2 y 5.2.2	C2	902-3-4 C	25,00 €	0,00 €	305	0	7.625,00 €	0,00 €	7.625,00 €



Resolución básica de erros de cruce/solapes	D1	DICF	0,00 €	6,50 €	0	38	0,00 €	247,00 €	247,00 €	
Resolución complexa de erros de cruce/solapes (Sen desprazamento)	D2	DICF	0,00 €	13,20 €	0	38	0,00 €	501,60 €	501,60 €	
Obtención de cartografía continua, con obtención de titularidade (con desprazamento)	D3.1	DICF	0,00 €	36,80 €	0	37	0,00 €	1.361,60 €	1.361,60 €	
Obtención de cartografía continua, sen obtención de titularidade (con desprazamento)	D3.2	DICF	0,00 €	18,54 €	0	38	0,00 €	704,52 €	704,52 €	
Reposicionamiento gráfico mediante técnicas de fotogrametría sobre visión 3D obtida a partir de pares estereoscopios, con delimitación de parcelas e subparcelas de construción e entrega do correspondente formato de intercambio de cartografía (FICC). Capa de Parcelario	D8.1	DICF, COEF	0,00 €	1,05 €	0	75	0,00 €	78,75 €	78,75 €	
Reposicionamiento gráfico mediante técnicas de fotogrametría sobre visión 3D obtida a partir de pares estereoscopios, con delimitación de parcelas e subparcelas de construción e entrega do correspondente formato de intercambio de cartografía (FICC). Inclúe subparcelas construción	D8.2	DICF, COEF	0,00 €	3,77 €	0	75	0,00 €	282,75 €	282,75 €	
Depuración de ruiros. Aportando relación inmobles	D9.1	CNOT	0,00 €	1,05 €	0	38	0,00 €	39,90 €	39,90 €	
Depuración de ruiros. Sen aportar relación inmobles	D9.2	CNOT	0,00 €	1,50 €	0	38	0,00 €	57,00 €	57,00 €	
Rexistro e dixitalización (superior a DIN A4)	D10.1		8,88 €	0,00 €	56	0	499,50 €	0,00 €	499,50 €	
Rexistro e dixitalización (non superior a DIN A4)	D10.2		4,44 €	0,00 €	25	0	111,00 €	0,00 €	111,00 €	
Diagnóstico de expedientes catastrais: análise de documentación e necesidade de trámites intermedios	D11	902-3-4, DICF, RECF.	7,22 €	0,00 €	75	0	541,50 €	0,00 €	541,50 €	
Toma de fotografías de fachada (urbana)	D14.1		1,22 €	0,00 €	52	0	63,44 €	0,00 €	63,44 €	
Toma de fotografías de fachada (rústica, máis de 350)	D14.2		2,50 €	0,00 €	52	0	130,00 €	0,00 €	130,00 €	
Toma de fotografías de fachada (rústica, menos de 350)	D14.3		5,00 €	0,00 €	50	0	250,00 €	0,00 €	250,00 €	
Detección en gabinete de alteracións non declaradas e o seu correspondente reflexo no Mapa de Xestión	D15	PUMG	7,66 €	0,00 €	330	0	2.527,80 €	0,00 €	2.527,80 €	
Resolución presencial de solicitudes de acceso á información de expedientes catastrais	E1.1		29,97 €	0,00 €	500	0	14.985,00 €	0,00 €	14.985,00 €	
TOTAIS								282.581,80 €	67.414,24 €	349.996,04 €

O Custo global máximo estimado que corresponderá soportar esta Deputación –ORAL no próximo exercicio, calculado sobre a base das tarifas aprobadas, ascende a un total 349.996,04 € segundo a desagregación anterior.



Estes traballos afectarán a bens situados nos Concellos da provincia de Pontevedra que, tendo delegadas as súas facultades de xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles a favor da Deputación Provincial, téñanse adherido igualmente o mencionado Convenio de colaboración de xestión catastral coa Dirección Xeral do Catastro. No anexo I do mesmo detállanse os municipios incluídos no ámbito do mesmo, que se actualizará segundo contempla a Cláusula Décimo quinta.

SEGUNDO: O gasto que comportaría o pagamento destes traballos pódese realizar con cargo á aplicación 25/932.9320.22707 (traballos catastrais). A tramitación anticipada do gasto supón que o mesmo quedará condicionado á aprobación do orzamento do exercicio 2025 e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

TERCEIRO: O prazo da realización dos traballos comprendería, estimando os tempos de tramitación do expediente, o período 01/01/2025 ata o 31/12/2025.

CUARTO: Os gastos que se orixinen serán sufragados pola Deputación nos termos, prazos e condicións e coa aplicación das tarifas que se establecen na Orde EHA/2016/2010, do 10 de xuño, pola que se regulan as condicións da encomenda á Sociedade Estatal de Xestión Inmobiliaria de Patrimonio, Sociedade Anónima de traballos catastrais obxecto de convenio con entidades colaboradora.

16.34480.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (Exptes. 2024080031 E 2024080033)

A) Vista a relación de facturas con número 2024080031, que contén unha factura e por un importe de 131,61 €, e con CSV: TY4BPW8MRCA4NJ5H, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 4/12/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	131,61€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	131,61€



B) Vista a relación de facturas con número 2024080033 que contén 16 facturas e por un importe de 13.286,19€ e con CSV: V5UGHZSYXYADQ3JN, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 4/12/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	13.408,60 €
Descontos do IRPF.....	123,50 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	1,09 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	13.286,19 €

17.34481.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES. (EXPTE. 2024080035)

Vista a relación de facturas con número 2024080035, que contén 1 factura e por un importe de 2.420,00 € e con CSV: PLZAU6FNHLQDUGJ7, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 04/12/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	2.420,00 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	2.420,00 €

18.34482.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB BALONMÁN CAÑIZA PARA A ACTIVIDADE DEPORTIVA “A LIGA DAS COMARCAS” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE 08/11/2024. (Expte: 2024036388)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 03/05/24 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competición ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024 (expediente 2024024468). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 92 do 10/05/24.

Segundo.- En data 28/05/24 Marcos Estévez García, en representación do CLUB BALONMÁN CAÑIZA (NIF: G36320729) presenta solicitude para a “A Liga das Comarcas”, achegando un orzamento da actividade por importe de 5.000,00 €.



Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 08/11/24 aprobou a concesión de ditas subvencións, procedéndose á publicación no BOPPO núm. 223 de 15/11/2024 da relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competición ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024 e no que figura o CLUB BALONMAN CAÑIZA (NIF: G36320729) e na contía de 573,96 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 04/12/24 Marcos Estévez García, en representación do CLUB BALONMÁN CAÑIZA (NIF: G36320729) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida pola imposibilidade de realizar o evento debido a falta de financiamento para levar a cabo dita actividade.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 05/12/24 a renuncia presentada polo CLUB BALONMAN CAÑIZA (NIF: G36320729).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.



Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

De acordo ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo CLUB BALONMAN CAÑIZA (NIF: G36320729) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 573,96 € para a realización da actividade do “A Liga das Comarcas” (documento co CSV: CI70CAPRZ301UO09).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

19.34483.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á FEDERACIÓN GALEGA DE ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS PARA O “XLII CTO. ESPAÑA PESCA SUBMARINA POR EQUIPOS E OPEN VETERANOS” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE 08/11/2024. (EXPTE: 2024036390)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 03/05/24 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competición ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024 (expediente 2024024468). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 92 do 10/05/24.



Segundo.- En data 28/05/24 Guillermo José Ferreiro Torres, en representación da FEDERACIÓN GALEGA DE ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS (NIF: G15108319) presenta solicitude para o “XLII Cto. España Pesca Submarina por equipos e Open Veteranos”, achegando un orzamento da actividade por importe de 26.430,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 08/11/24 aprobou a concesión de ditas subvencións, procedéndose á publicación no BOPPO núm. 223 de 15/11/2024 da relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competición ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024 e no que figura a FEDERACIÓN GALEGA DE ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS (NIF: G15108319) e na contía de 6.426,86 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 04/12/24 Guillermo José Ferreiro Torres, en representación da FEDERACIÓN GALEGA DE ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS (NIF: G15108319) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestímulo da subvención concedida pola imposibilidade de non poder xustificar alomenos o 50% dos gastos do campionato.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 09/12/24 a renuncia presentada pola FEDERACIÓN GALEGA DE ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS (NIF: G15108319).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.



Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

De acordo ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola FEDERACIÓN GALEGA DE ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS (NIF: G15108319) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 6.426,86 € para a realización da actividade do “XLII Cto. España Pesca Submarina por equipos e Open Veteranos” (documento co CSV: WEB2024076405).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.



20.34484.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS INSTALACIÓNS DE AEROTERMIA SOSTIBLES II: INSTALACIÓNS DE APROVEITAMENTO DA ENERXÍA AEROTÉRMICA NO CONCELLO DE AS NEVES E CENTRO CULTURAL DENTRO DO PROXECTO IDAE PR D5000-2021-001599 DO PROGRAMA DE AXUDAS PARA INVERSIÓNS EN PROXECTOS SINGULARES LOCAIS DE ENERXÍA LIMPA EN MUNICIPIOS DE RETO DEMOGRÁFICO (PROGRAMA DUS 5000) NO MARCO DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RETO DEMOGRÁFICO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. (Expte.2024052984)

Con data 09/08/2023 mediante Resolución Presidencial número 2023006263 aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto da subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de Aerotermia Sostibles II: Instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos concellos de Catoira e as Neves dentro do programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, dividido en dous lotes. Con data 17.10.2023 mediante Resolución Presidencial número 2023007757 declarouse deserto o lote nº2 do referido contrato correspondente ao concello de As Neves.

Segundo se informa polo Servizo de Cooperación a importancia da axuda concedida polos fondos NextGeneration-EU para a realización do proxecto IDAE: PRD5000- 2021-001599 “*Instalacións de Aerotermia Sostibles II*” do programa de axudas para inversión en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia , considérase de grande importancia iniciar un novo expediente de contratación para a adxudicación do lote nº2, polo que con data 31.01.2024 mediante Resolución Presidencial número 2024000906 aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto da subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de Aerotermia Sostibles II: Instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica no concello de As Neves e Centro Cultural; dentro do proxecto IDAE PR-D5000-2021001599 do Programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Con data 08/03/2024 mediante Resolución Presidencial número 2024001936 declarouse deserto o referido procedemento aberto simplificado.



Na data 12.07.2024 consta a entrada na Sede electrónica desta Deputación (núm. rexistro WEB2024046580) do proxecto técnico reformulado, redactado polo enxeñeiro industrial Fernando Pérez Albalate, e asinado nesa mesma data, da actuación denominada “Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de xeración térmica renovable no Concello das Neves e Centro Cultural”.

O técnico redactor do proxecto xustifica a súa redacción no seguinte informe de data 17/07/2024 que indica o seguinte : “(...)

“As actuacións destinadas ao municipio das Neves foron licitadas 2 veces conforme ao indicado na memoria de subvención, quedando en ambas as deserta por ser un orzamento moi inferior ao necesario. A memoria de subvención foi presentada no ano 2021. Os prezos de mercado desde 2021 subiron de forma moi pronunciada debido para os efectos da crise enerxética, inflación e conflitos armados entre outras cuestións, polo que os valores reflectidos no proxecto licitado foron superados polas cuestións expostas, sendo isto o principal problema de que a licitación quedase deserta en dúas ocasións. De igual forma a potencia da bomba que se indicou na memoria xustificativa enviada a IDAE é inferior en potencia necesaria, xa que unha vez que se introduciron en cálculos exhaustivos durante a redacción do proxecto demostrouse a necesidade de incrementar a potencia da bomba de calor. Para dar respostas a estas demandas pasamos dunha bomba de potencia calorífica de 63 KW a unha potencia de 81,5 KW. Ante tal situación desde a Deputación de Pontevedra e desde o Concello das Neves tomouse a decisión de reformular o proxecto incluíndo estes as achegas dinerarias pertinentes para executalo. Con estes condicionantes modifícouse o proxecto para volver licitar.”

O proxecto reformulado con CSV (DZARFMROSLZL0LXX) foi aprobado pola Xunta de goberno na sesión do 04/10/2024 quedando dita aprobación condicionada a autorización do mesmo polo IDAE e á ampliación do prazo de execución establecido na resolución de concesión da axuda.

Xustifícase a necesidade do contrato no marco competencial da Deputación que, ao amparo do artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), asume competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Neste marco competencial, a Deputación de Pontevedra, en colaboración con varios concellos da provincia, presentou, ao amparo das convocatorias de axudas para inversións en proxectos singulares de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000) no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia os proxectos que se detallan no punto 3 da presente memoria xustificativa.

Nestes proxectos perséguese a mellora da eficiencia enerxética de edificios nos concellos mencionados c o fin de obter un aforro enerxético económico con respecto aos actuais consumos de enerxía eléctrica e, polo tanto, reducir o impacto ecolóxico e a conservación dos recursos naturais e o entorno, de acordo co RD 692/2021 de 30 de agosto que regula a concesión directa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación transformación e resiliencia (Publicada a convocatoria no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas (BDNS ID 578594) modificado polo Real Decreto 991/2001 do 16 de novembro.



Esta modernización comprenderá a instalación de novos equipos de aerotermia. Ademais, realizarase a instalación eléctrica de ligazón entre os módulos e as instalacións eléctricas interiores de BT existentes incluíndo todos os equipos necesarios; que son fundamentalmente inversores (que transforman a enerxía eléctrica de CC a CA) e as proteccións eléctricas necesarias das liñas de transporte de enerxía.

Para poder realizar dita instalación, é preciso realizar a contratación cunha ou varias empresas externas que contén coa capacidade e os medios suficientes. Xustifícase, desta forma, a incoación do expediente de contratación mediante o presente informe cuxo resultado último serán instalacións eficientes e que cumplan cos regulamentos e normativa de aplicación.

Ratifícase a necesidade desta contratación por carecer na Deputación de Pontevedra dos medios e persoal suficiente coas habilitacións esixidas.

Visto que pola intervención se informa que nas aplicacións orzamentarias 24/942.1700.652.15 e 24/942.1700.652.15.2023, dentro do proxecto de gastos código nº 922_0009_AS NEVES, existe crédito retido por importe total de 98.229,87 € para facer fronte a este gasto, mediante documentos RC nº 202400202892 e nº 202400205447, por importe de 35.738,21 € e 62.491,66 € respectivamente.

A cantidade restante, por importe de 31.270,96 €, finánciase polo Concello das Neves con cargo a unha subvención do Plan + Provincia 2024 (expte. nº 2024050926) xa concedida, e pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria unha vez formalizada a addenda ao convenio de colaboración aprobada pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do 20 de setembro de 2024.

Na memoria xustificativa elaborada pola xefatura do servizo de contratación, o contrato cualifícase como contrato mixto que comprende prestacións de obra e de subministración establecendo que para a determinación das normas que rexerán a adxudicación do mesmo atenderase ao carácter da prestación principal sendo ésta a de subministración, así como a elección do procedemento de adxudicación aberto, atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade – prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico – administrativas. Asemade infórmase, que de conformidade co previsto no artigo 18.3 da LCSP “*nos casos nos que un elemento do contrato mixto sexa unha obra e esta supere os 50.000,00 euros deberá elaborarse un proxecto e tramitarse de conformidade cos artigos 231 e seguintes da LCSP*”.

Vistas así mesmo a acta de replanteo previo de data 31/10/2024 co csv (B7QMKLL7YYVSE851).

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, visto o informe da Secretaría Xeral, de data 08/10/2024 polo que se informa favorablemente o expediente coa seguinte “*...dado que aprobación e execución do proxecto está condicionada á concesión polo IDAE dunha prórroga nos prazos para a realización das obras, cómpre que se achegue a Resolución de concesión da mesma así como a acta de comprobación do replanteo e nos termos do disposto no art. 236 da LCSP no caso da súa realización. En caso contrario, debería reformularse o financiamento da actuación ou no seu caso o desestímulo en executala*”.



Visto o informe conxunto emitido con data 03/12/2024 polo Técnico do Servizo de Cooperación Alejandro Marín Gómez e pola Xefa do Servizo de Cooperación no que se informa o seguinte:

“Consta no expediente a resposta do IDAE á consulta realizada desde a xefatura do Servizo de Cooperación, con CSV: A2MZITW65939QCLJ, indicando o seguinte:

*“[...] comunicámoslle que se está tramitando nestes momentos a proposta de resolución á modificación de resolución efectuada e podemos adiantarlle, en particular, que se **estima favorablemente** a ampliación de prazo solicitada. As novas condicións que operarán para o expediente serán as seguintes: O apartado (14) Execución e xustificación dos investimentos subvencionables queda redactado:*

- 1. O prazo máximo para a realización dos investimentos subvencionables e execución do proxecto finalizará con data límite o 30 de setembro de 2025.*
- 2. A xustificación da realización dos investimentos subvencionables e da execución do proxecto obxecto de axuda debe realizarse ante o Órgano Instrutor con data límite o 30 de novembro de 2025, a partir da cal non poderá aceptarse ningunha nova documentación.*

Así mesmo, respecto dos cambios técnicos solicitados, acéptanse igualmente, cos axustes correspondentes de conformidade coas bases do Programa DUS 5000. En próximos días (sen poder concretar data exacta) recibirán a notificación coa resolución modificativa .”

Visto o informe emitido pola Intervención con data 09/12/2024 polo que se informa favorablemente o expediente.

Tendo en conta o artigo 18 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos mixtos os contratos que conteñan prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase. O réxime xurídico da preparación e adxudicación destes contratos determinarase de conformidade co establecido no referido artigo; e o dos seus efectos, cumprimento e extinción determinarase de acordo co disposto no artigo 122.2 LCSP. Cando comprendan prestacións propias de dúas ou máis contratos de obras, subministracións ou servizos atenderase ao carácter da prestación principal para determinar as normas aplicables na adxudicación, sendo neste caso as propias do contrato de subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Tendo en conta o establecido no artigo 119 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP), e as especialidades establecidas no art. 50 do RD-L 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o expediente gozará de preferencia para o seu despacho, e os prazos establecidos na LCSP, para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade por exceso, coas salvidades sinaladas en ditos artigos, e sen prexuízo do prazo que expresamente se conceda para a presentación de ofertas.

Tendo en conta o artigo 58 do Real Decreto-Lei 36/2020 de 30 de decembro polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, que establece que o órgano de contratación non poderá formalizar o contrato ata que teñan transcorrido 10 días naturais a partir do día seguinte a notificación da resolución de adxudicación sendo o prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de dez días naturais e o artigo 2 referente ao ámbito de aplicación do mesmo.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta o Presidente para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €.

De acordo ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.-Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do contrato mixto de subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de aerotermia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica no concello de As Neves e centro cultural dentro do proxecto IDAE PR D5000-2021-001599 do programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000); no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.



Dita aprobación quedará condicionada a notificación da resolución de concesión polo IDAE dunha prórroga nos prazos para a realización das obras ata o 30/09/2025.

3.-Autorizar o gasto por importe de 129.500,83 € con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	24/942.1700.652.15	35.738,21 €
2024	24/942.1700.652.15.2023	62.491,66 €

A cantidade restante, por importe de 31.270,96 €, finánciase polo Concello das Neves con cargo a unha subvención do Plan + Provincia 2024 (Expte. nº 2024050926) xa concedida, e pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria unha vez formalizada a addenda ao convenio de colaboración aprobada pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do 20 de setembro de 2024

4.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares (csv: 5XGPD8K1T7JWPDWXZ) que rexerá dita contratación e o pregos de prescricións técnicas ou proxecto con CSV (DZARFMROSLZL0LXX).

5.- Nomear responsable do contrato Alejandro Marín Gómez-Nieves, Xefe de sección de proxectos do servizo de Cooperación ou persoa en quen delegue.

6.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais contados desde o día seguinte a publicación do anuncio de licitación no Perfil do contratante.

21.34485.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDUREMTO ABERTO, DO SERVIZO DE DESEÑO, PRODUCCIÓN, TRANSPORTE MONTAXE E DESMONTAXE, ALMACENAMENTO, MANTEMENTO E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DO STAND QUE REPRESENTARÁ A TURISMO RÍAS BAIXAS EN FEIRAS DE TURISMO DURANTE O ANO 2025. (Expte.2024066273)

O servizo de turismo da Deputación de Pontevedra, Turismo Rías Baixas, ten como fin, promover e potenciar todas as actividades que dalgunha maneira tendan ao fomento e desenvolvemento do turismo na provincia de Pontevedra, así como mellorar a imaxe turística dela, a través de diferentes accións e xestións. Un dos principais obxectivos dos xestores dun destino turístico é desenvolver mecanismos para posicionar de maneira eficiente o territorio co obxecto de atraer visitantes e turistas e que, a través do gasto destes, xeren competitividade ao tecido empresarial do destino. Entre as diferentes accións que se desenvolverán neste



punto atópase a estratexia de feiras, seleccionando coidadosamente aqueles eventos nos que Turismo Rías Baixas - Deputación de Pontevedra, terá presenza. Por este motivo, debemos recuperar a promoción a través da asistencia a feiras turísticas que se celebren en puntos cunha fácil conectividade co noso destino, preferentemente por medios terrestres ou con boas conexións aéreas, coa finalidade de situar á nosa provincia coma un dos máis importantes focos de atención turística do territorio.

A asistencia a feiras ten un dobre sentido, por unha parte, estamos ante feiras de proxección tanto nacional coma internacional, ás que asisten persoas do sector e cidadáns tanto nacionais coma internacionais, buscando coñecer mellor a nosa terra, o que nos permite chegar a ese público sen necesidade de saír da nosa comunidade. E por outro lado, co obxectivo de reforzar o destino Rías Baixas dentro do noso territorio, xa que non podemos esquecer que un perfil importante dos visitantes do destino Rías Baixas, está conformado por viaxeiro da nosa propia comunidade. Co cal, asistindo a estas feiras, pretendemos darlles a coñecer destinos cercanos e, probablemente descoñecidos para moitos viaxeiros galegos.

As actividades do Servizo de Turismo Rías Baixas baséanse na cooperación e no fomento do desenvolvemento económico e social do territorio provincial, tal como se sinala no artigo 36.1.d) da Lei de Bases de Réxime Local. A tal efecto, os obxectivos desta institución están encamiñados á promoción do turismo da nosa provincia no resto do territorio, co fin de consolidar un modelo de desenvolvemento turístico que consolide ás Rías Baixas como un destino sostible, inclusivo e intelixente. Con este fin, o servizo presentarase ás feiras de turismo propostas para acadar tal obxectivo.

A xefa do servizo de Turismo informa que non conta cos medios materiais nin humanos necesarios para levar a cabo as prestacións obxecto desta contratación “deseño, produción, transporte, montaxe e desmonte, almacenamento, mantemento e servizos complementarios da caseta que representará a turismo rías baixas-deputación de Pontevedra-deputación de Pontevedra en feiras de turismo”, xa que se tratan de traballos que conlevan un grao de cualificación e dedicación imposibles de garantir ao non contar cos medios necesarios e onde interveñen diversos profesionais, que en ocasións, dedícanse en exclusiva a estes servizos. Por tanto, o beneficio de acudir a unha contratación externa responde ao carácter de especialización dos propios traballos e á non necesidade de dispoñer en estrutura dos medios técnico coma humanos por razóns de eficiencia na asignación e utilización dos fondos públicos.

A xefa do servizo de Turismo informa que téndose licitado, anteriormente, a contratación “do servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmonte, almacenamento, mantemento e servizos complementarios da caseta que representará a turismo Rías Baixas-Deputación de Pontevedra-Deputación de Pontevedra en feiras de turismo durante o ano 2024”, e quedando este deserto, por falta de presentación de ofertas, é necesario volver a licitar esta actuación xa que se trata dunha das actuacións recollidas no plan estratéxico de Turismo, a promoción do destino Pontevedra provincia a través da participación en diferentes feiras do sector.

Entendendo que os prezos ofertados inicialmente, na contratación anterior, non encaixarían de todo cos establecidos no mercado, axústanse nesta nova contratación á realidade do sector.



O contrato proposto ten un prazo de duración de un ano a data da formalización do contrato, en todo caso ata o 31 de decembro do 2025, coa posibilidade de 3 prórrogas anuais, un orzamento base de licitación de 151.074,00€ euros e un valor estimado de 499.418,20€. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Visto que con data, a Intervención emite documento de retención de crédito futuro número 2024000221191 polo importe de 151.074,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 25/433.4320.227.99 do orzamento de 2025. Non obstante, dado que se trata dunha tramitación anticipada, a adxudicación quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas deste contrato.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 30/10/2024, e informe complementario do servizo de Turismo Rías Baixas, de data 28/11/2024, respecto das observacións sinaladas no mesmo.

Visto que con data 31/10/2024 o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta que, con data 04/12/2024, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos do Anexo IV artigo 22.1.c) LCSP. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 9/12/2024, coas seguintes observacións e recomendacións:

“Os pregos de prescricións técnicas particulares non deberían conter declaracións ou cláusulas que deban figurar no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) (art. 68.3 do RXLCAP). Non obstante, no PCAP recóllese que, en caso de discrepancia, prevalecerá o recollido no PCAP.

Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

A pesares de que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio.”

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calificáanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.



Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros.

De acordo ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “*Servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios, do Stand que representará a Turismo Rías Baixas - Deputación de Pontevedra en feiras de turismo durante o ano 2025*”.

O prazo de duración: un ano dende a data formalización do contrato, en todo caso ata o 31 de decembro de 2025.

Establecese a posibilidade de 3 prórrogas anuais.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 151.074,00€.

O valor estimado é de 499.418,20 €.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: PJ2J1MZORF974FW7) e de prescricións técnicas (CSV: IADSWWC6T4137MWC) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto anticipado polo importe máximo de 151.074,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/433.4320.227.99 do orzamento 2025, dado que se trata dunha tramitación anticipada. A adxudicación quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas deste contrato.



4.- Nomear responsable do contrato a Ruth González Reyes, xefa do servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

22.34486.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

23.34487.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

24.34488.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente. sendo as dez horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta. que asina o Ilmo. Sr. Presidente. comigo o Secretario que dou fe.

